

IES “E. Blanco Amor”. – Curso 2022-2023.

DEPARTAMENTO DE LATÍN

PROGRAMACIÓN de:

Latín.-4º de ESO

Latín-II/ 2º Bacharelato

CURSO 2022-2023.

Índice.

- 1.—Introdución e contextualización.
- 2.1—Contribución ao desenvolvemento de competencias clave. Concreción dos obxectivos de curso. Concreción de temporalización, graos mínimos de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación. Calendario de probas escritas (exames).
- 2.2— Contribución ao desenvolvemento de competencias clave. Concreción dos obxectivos de curso. Concreción de temporalización, graos mínimos de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación. Calendario de probas escritas (exames). Latín de 2º Bach. – p. 49.
- 3.—Concrecións metodolóxicas. Metodoloxía. Materiais e recursos didácticos que se van utilizar: libros de texto.....p. 64.
- 4.-- Procedemento para a avaliación inicial [ESO] e de acreditación de coñecementos previos (BACH.: Cambio de opción en 2º Bach.).....p. 66.
- 5.—Procedemento de Avaliación Continua (Exames escritos de Avaliación)...p.66.
- 6.—Procedemento de Avaliación Extraordinaria (Exames do 20-23 de Xuño) p. 67.
7. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente...p. 68.
- 8.—Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes. Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes (ESO e BACH.).....p.69.
- 9.--Medidas de atención á diversidade.p. 72.
- 10.-- Accións de contribución ao Plan TIC.
- 11.-- Accións de contribución ao Plano de Convivencia do Centro.
- 12.—Accións de contribución ao Proxecto LECTOR.

- 13.—Actividades complementarias e extraescolares programadas.
- 14.—Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didacticas. Indicadores de logro para avaliar a propia programación didáctica, en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.
15. – Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos resultados.
16. Elementos transversais que se traballarán nos cursos de Latín.

1.—INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais. Isto tamén é válido para o latín, lingua que, xunto co grego, está na base das nosas linguas románicas, e na base da nosa Cultura Occidental. A lingua, a cultura da antiga Roma, a súa Historia e institucións, e a súa Literatura e Arte, son un herdo irrenunciable para os cidadáns de hoxe.

O ensino do latín enmárcase hoxe en día na valoración crecente do ensino plurilingüe e intercultural. A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e inter-cultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Xa que logo, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente.

É importante, pois, que estean presentes nas aulas as linguas clásicas, o latín e o grego; o estudo das cales, a nivel fonético, morfosintáctico e léxico, proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Xa que logo, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo

integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

A materia de Latín na etapa da ESO ten como principal finalidade introducir o alumnado no coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e da cultura latinas, facendo fincapé ao mesmo tempo no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental, o que coñecemos como herdanza clásica.

Esta mesma perspectiva está tamén presente no currículo básico para Bacharelato, malia perseguirse nesta etapa un estudo máis en profundidade da lingua, xa que, ben pola súa estrutura interna de funcionamento, ben polo seu caudal léxico, está moi presente nas linguas utilizadas e estudadas polos alumnos e as alumnas.

O estudio do latín como lingua flexiva proporciona mediante a comparación unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas.

O idioma latino, logo de adquiridos uns mínimos coñecementos sobre os seus mecanismos morfosintácticos e o seu léxico, permite entender as linguas romances como resultado dunha evolución e atopar paralelismos entre elas que axuden no seu estudo.

O estudo da orixe e a evolución do latín ás linguas romances proporciónalle ao alumnado os instrumentos necesarios para comprender e analizar os procesos de cambios fonéticos, morfosintácticos e semánticos que deron lugar aos procedementos que rexen hoxe as súas linguas, e axuda a incrementar de xeito notable o seu léxico. A reflexión sobre o léxico coñecido, a adquisición de novas palabras e a comprensión das estruturas da lingua latina interveñen de xeito notable no uso máis eficaz da lingua propia como instrumento de aprendizaxe, comunicación e interpretación da realidade.

É recomendable comezar o estudo do latín de cuarto de ESO cun método natural, no que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución, deixando para os cursos de primeiro e segundo de bacharelato un estudo máis pormenorizado da Gramática Latina.

O estudo da herdanza clásica, obxecto desta materia, non só está presente na lingua latina, pois abordará tamén os diferentes aspectos que se inclúen no que coñecemos como civilización latina, berce da Europa actual. Ademais da descrición do seu marco xeográfico e do estudo dos principais fitos históricos, haberá lugar tamén para unha análise das súas estruturas sociopolíticas, da súa vida cotiá, e manifestacións culturais como os espectáculos públicos ou as súas creacións literarias e artísticas, a enxeñería e o urbanismo, a mitoloxía e a relixión.

Por suposto, o marco legal serán os DCBs publicados. Pero tamén influirán na actividade de profesor e alumnos/as as “Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás

medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato” así como o Protocolo Escolar COVID-19, publicado nunha primeira versión o 22 de Xullo de 2020, e despois revisado.

3.—Latín de 4º de ESO.

Exposición dos obxectivos e contidos. Temporalización e vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos e criterios de avaliación; estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave.

LATÍN. CURSO 4º ESO.

1.- INTRODUCCIÓN:

A materia de latín, presente no currículo de cuarto curso da educación secundaria obrigatoria, supón un achegamento específico á lingua e á cultura de Roma e, consecuentemente, ó mundo antigo. O seu estudo ofrécese a partir de contidos lingüísticos e culturais, complementarios entre si e unidos polo seu carácter de achegas substanciais do que se coñece como herdanza clásica.

Todas as linguas da Europa occidental incrementaron os seus recursos expresivos, en todas as épocas, mesmo na actualidade, coa adopción de palabras de orixe latina. Esa calidade de achega e continuidade na sociedade actual debe guiar a súa presentación e dar sentido ó seu estudo.

A adquisición de capacidades básicas e o logro dos obxectivos da etapa deberán estar no horizonte dos dous obxectivos primordiais que persegue esta materia: iniciar un estudo básico da lingua que é nexa e está na orixe do amplo grupo das linguas romances e coñecer os aspectos máis relevantes da sociedade e da cultura romanas para poder relacionalos cos do mundo actual.

O primeiro obxectivo axuda a mellorar o coñecemento e uso das propias linguas como instrumento primordial de aprendizaxe e comunicación; o segundo achega unha interpretación máis ponderada da sociedade actual.

A lingua latina é unha das máis importante achegas do mundo clásico á civilización occidental, polo que é razoable que os contidos propiamente lingüísticos ocupen un espazo moi considerable e substancial da materia. Por evolución ou por influencia léxica o latín está presente nas linguas que utilizamos ou nas que son obxecto de aprendizaxe para as alumnas e os alumnos.

O estudo do sistema da lingua latina como modelo de lingua flexiva

permite, a través da comparación, unha reflexión profunda sobre os elementos formais e os mecanismos sintácticos das linguas de uso do alumnado. O coñecemento, sequera básico, do latín fai posible entender as linguas de orixe romance como o resultado concreto dunha evolución, e apreciar en que medida a súa estrutura e o seu léxico están en débeda coa lingua da que proceden.

Pola súa banda, a práctica da tradución constitúe unha experiencia de investigación que utiliza a lóxica do pensamento, favorece a memoria e potencia os hábitos de disciplina no estudo, co que se razoa mellor e se aprende a aprender. Neste sentido, parece recomendable seguir un método natural en que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución e no cal a súa aprendizaxe sistemática constitúa unha segunda fase.

O estudo da historia e evolución da lingua latina e da formación das palabras dota o alumnado dos coñecementos necesarios para entender a evolución lingüística, determinar os procesos de cambio fonético e semántico e ilustrar os procedementos que actúan na formación do léxico, ó mesmo tempo que enriquece o seu vocabulario. O alumnado, ó falar calquera lingua románica, debe ter conciencia de estar mantendo vivos moitos séculos de civilización mediterránea co latín como nexo unificador.

Ademais, a materia aborda o coñecemento do marco xeográfico e histórico e dos aspectos máis relevantes da sociedade romana e clásica en xeral, desde a que se transmitiron modos de vida, institucións e creacións literarias, técnicas e artísticas que están na base da configuración e do progreso de Europa. Ese coñecemento supón un referente necesario no que rastrexar os antecedentes históricos da organización social ou a delimitación dos dereitos das persoas. A cultura que modelou o noso presente e impregna boa parte dos nosos canons estéticos é tamén transmisora de valores universais, que

entroncan a nosa herdanza cultural coas raíces do mundo clásico. Neste sentido, a lectura de textos literarios axuda a observar como temas e tópicos da cultura grecolatina se transmitiron ata hoxe e seguen presentes nos nosos escritos.

De acordo con estes principios, os contidos da materia distribúense en catro bloques. Os tres primeiros, o sistema da lingua latina, a historia e evolución da lingua latina e a formación das palabras, poñen o acento en contidos propiamente lingüísticos e gardan unha relación coherente entre eles, contribuindo, non só a un coñecemento do latín, senón a un uso máis preciso da propia lingua e á adecuado entendemento da terminoloxía culta, científica e técnica. O bloque 4, vías non lingüísticas de transmisión do mundo clásico, trata os aspectos máis relevantes da sociedade romana e pon o acento na continuidade do mundo clásico que ofrece o mundo contemporáneo, na análise comparativa dos seus correspondentes antecedentes clásicos e na valoración crítica dos aspectos de continuidade, evolución e cambio.

A distribución dos contidos nestes catro bloques implica un tratamento específico e equilibrado del e obriga a situalos nun contexto xeral en que os diversos elementos atopen unha explicación relacionada e coherente.

A funcionalidade e a utilidade dos coñecementos básicos sobre a lingua latina e a cultura clásica en diversos contextos de aprendizaxe guiará o tratamento dos contidos e a selección de obxectivos. Por esta razón, tentarase que o latín, na medida que sirva para a consecución dos obxectivos e desenvolvemento das capacidades e competencias propostos para esta etapa, asente os fundamentos para o estudo, se é o caso, das humanidades ou as ciencias sociais.

2.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA “LATÍN-4º ESO” Ó LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

O estudio desta materia contribúe dun xeito claro ó desenvolvemento da

competencia en comunicación lingüística: o coñecemento da estrutura da lingua

latina posibilita unha comprensión profunda da gramática funcional das linguas

europas de orixe romance e doutras que comparten co latín o carácter flexivo,

ou recibiron unha achega léxica importante da lingua latina. A interpretación

dos elementos morfosintácticos e de vocabulario e a práctica da tradución e da

retroversión supoñen a adquisición da habilidade para recoller e procesar a

información dada e utilizala apropiadamente. O coñecemento dos

procedementos para a formación das palabras e os fenómenos de evolución

fonética colabora eficazmente á ampliación do vocabulario básico e potencia a

habilidade para utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación. O

coñecemento das etimoloxías grecolatinas proporciona a comprensión e

incorporación dun vocabulario culto e explica o vocabulario específico de termos

científicos e técnicos.

O coñecemento da historia e evolución da lingua latina fomenta o ser

consciente da variabilidade das linguas a través do tempo e dos diferentes

ámbitos xeográficos e sociais, así como do diálogo entre as culturas;

igualmente o interese e o respecto por todas as linguas, incluíndo as antigas e

as minoritarias, e o rexeitamento dos estereotipos baseados en diferenzas

culturais e lingüísticas.

Co coñecemento do patrimonio arqueolóxico e artístico romano no noso

país e en Europa esta materia potencia o aprecio e goce da arte como produto

da creación humana e como testemuño da historia, á vez que fomenta o

interese pola conservación dese patrimonio. Coa achega de referencias para

facer unha valoración crítica de creacións artísticas posteriores inspiradas na

cultura e na mitoloxía grecolatinas, ou das mensaxes difundidas polos medios de comunicación que, en moitos casos, toman a súa base icónica do repertorio clásico. O coñecemento do mundo clásico e da súa continuidade favorece a interpretación da literatura posterior, en que perduran temas, arquetipos, mitos e tópicos, á vez que se desenvolve o interese pola lectura, a valoración do carácter estético dos textos e o amor pola literatura, contribuindo, pois, ao logro da competencia en expresión cultural e artística.

Desde o coñecemento das institucións e o modo de vida dos romanos que é o referente histórico de organización social, a participación dos cidadáns na vida pública e delimitación dos dereitos e deberes das persoas e das colectividades, no ámbito e o contorno dunha Europa diversa, unida no pasado pola lingua latina, sitúase a contribución para lograr a competencia social e cidadá.

O coñecemento das desigualdades existentes nesa sociedade favorece unha reacción crítica ante a discriminación pola pertenza a un grupo social ou étnico determinado, ou pola diferenza de sexos. Foméntase así no alumnado unha actitude de valoración positiva da participación cidadá, da negociación e da aplicación de normas iguais para todos como instrumentos válidos na resolución de conflitos.

Coa busca, selección crítica, e tratamento da información, recorrendo a fontes variadas; coa aplicación de técnicas de síntese, coa identificación de palabras clave e coa distinción entre ideas principais e secundarias; elaboración de textos e coa presentación a través de medios informáticos, favorécese a competencia dixital, á cal se contribuirá desde todas as materias do currículo.

Cómpre facer ver a necesidade dunha utilización crítica das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento que universaliza a información e como unha ferramenta para a comunicación do coñecemento adquirido.

O estudo do latín, propiciando a disposición e a habilidade para organizar a aprendizaxe, favorecendo as destrezas de autonomía, disciplina e reflexión, exercitando a memoria mediante a recuperación de datos e situando o proceso formativo nun contexto de rigor lóxico, favorece a competencia de aprender a aprender.

Facilita o logro da competencia de autonomía e iniciativa persoal o recurso continuado a procedementos que esixen planificar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. O traballo cooperativo e a posta en común dos resultados implica valorar as achegas doutros compañeiros, aceptar posibles erros, comprender a forma de corrixilos e non renderse ante un resultado inadecuado. En definitiva, achega posibilidades de mellora e fomenta o afán de superación.

A consulta de bases de datos en Internet, da enciclopedias en rede (como a Wikipedia, tanto en galego, como en castelán e en inglés), e a consulta de dicionarios de Latín-Español e Latín-Inglés en Internet, mellorarán a competencia dixital do alumnado.

3.- OBXECTIVOS

1. Comprender textos latinos en contextos onde o sentido sexa facilmente deducible.
2. Identificar e relacionar elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos.
3. Desenvolver os hábitos de organización, traballo e disciplina no estudio a partir dos mecanismos de estruturación mental que implica o proceso de análise, traducción e comprensión de textos latinos.
4. Mellorar a lectura comprensiva e a expresión oral e escrita mediante o coñecemento do vocabulario e as estruturas gramaticais latinas.
5. Coñecer a orixe e evolución das linguas romances para valorar os trazos comúns e a diversidade lingüística como mostra da riqueza cultural dos pobos de Europa.

6. Utilizar as regras fundamentais de evolución fonética do latín ás linguas romances coñecidas polo alumno (galego e castelán) e identificar palabras patrimoniais, cultismos e expresións latinas en diferentes contextos lingüísticos.
7. Entender o significado do léxico común de orixe grecolatina da propia lingua e comprender vocabulario culto, científico e técnico a partir dos seus compoñentes etimolóxicos.
8. Reflexionar sobre os elementos formais e as estruturas lingüísticas das linguas romances coñecidas polo alumno, a través da comparación co latín, modelo de lingua flexiva.
9. Coñecer os aspectos relevantes da cultura e da civilización romanas, utilizando diversas fontes de información e diferentes soportes, para identificar e valorar a súa continuidade no noso patrimonio cultural, artístico e institucional.
10. Coñecer os xéneros literarios latinos máis importantes.

4.- CONTIDOS

Bloque 1. O sistema da lingua latina.

- * Abecedario e a pronunciación clásica e postclásica do latín. A regra da penúltima sílaba. Diferenza entre vocais breves e longas.
- * Lectura e interpretación de textos en latín de dificultade progresiva creados nunha variedade de contextos e situacións en que as palabras e as estruturas teñan sentido, de tal xeito que todo se deduza, sen ambigüidade, do contexto en que aparecen.
- * O latín como lingua flexiva. Os casos e os seus principais valores sintácticos. Recoñecemento das diferenzas e similitudes básicas entre a estrutura da lingua latina e a das linguas romances utilizadas polo alumno.
- * Clases de palabras. A flexión nominal, pronominal e verbal. Recoñecemento das categorías gramaticais da flexión latina e comparación

cos elementos flexivos das linguas actuais.

* As estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde flexible de palabras. Nexos coordinantes máis frecuentes.

* Valoración da lingua latina como principal vía de transmisión e continuidade do mundo clásico e instrumento privilexiado para unha comprensión profunda do sistema das linguas romances.

Bloque 2. A historia e evolución da lingua latina.

* A orixe e a evolución do latín. Clasificación das linguas indoeuropeas.

* Latín culto e latín vulgar: lingua de cultura e lingua de comunicación. O proceso de redución morfolóxica e sintáctica no latín vulgar. A formación das linguas romances. Análise dos procesos de evolución das linguas romances.

* A evolución fonética. Termos patrimoniais, semicultismos e cultismos.

Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes. Relación semántica entre palabras dunha mesma raíz latina e evolución fonética diferente.

* A achega léxica do latín ás linguas modernas non derivadas del.

Bloque 3. A formación das palabras.

* Compoñentes grecolatinos nas linguas romances. Identificación de lexemas, sufixos e prefixos grecolatinos usados na propia lingua: préstamos, derivación, composición e analoxía como mecanismos de enriquecemento do vocabulario.

* Definición de palabras a partir dos seus étimos.

* O vocabulario da ciencia e da técnica. Os étimos gregos e latinos nas terminoloxías específicas.

* Latinismos e locucións latinas. Recoñecemento das expresións latinas incorporadas á lingua falada e escrita.

* O significado etimolóxico das palabras como guía para a adecuada

utilización do vocabulario.

Bloque 4. Vías non lingüísticas de transmisión do mundo clásico.

* O marco xeográfico e histórico da sociedade romana. Gallaecia e o resto da Hispania. As vías romanas de Hispania e as grandes vías modernas: medio de difusión dunha civilización uniforme, de unidade política e económica e de relación humana. Uso de fontes primarias e secundarias para coñecer o pasado.

* As institucións e a vida cotiá. Ocio e negocio. Relación entre o relixioso e o festivo. Interpretación dos seus referentes desde a nosa perspectiva sociocultural. Comparación e análise crítica das estruturas sociais e familiares.

* As pegadas materiais da romanización: o foro e a arquitectura do ocio en relación coa concepción do urbanismo posterior, a importancia do arco e a bóveda na arquitectura posterior. Valoración da conxunción da magnificencia e o xenio práctico. Emprego dos medios audiovisuais e das TIC para coñecer o patrimonio artístico e arqueolóxico. Observación directa.

* Os temas e argumentos mitolóxicos na literatura e nas artes plásticas e visuais. Recoñecemento de elementos da mitoloxía clásica en manifestacións culturais de todo tipo e interpretación do seu significado.

* O papel de Roma na historia de Occidente, o patrimonio arqueolóxico, artístico e literario. Coñecemento especial do herdado en Galicia.

* Valoración da importancia da lectura de textos da literatura latina de diversidade temática.

4.1- Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: 1º. Temporalización. 2º. Grao mínimo de consecución. 3º. Procedementos e instrumentos de avaliación.

Para a secuencia e temporalización concreta e detallada dos contidos:

1ª Avaliación:

CONTIDOS e ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

Crit.Aval.	Estánd.Aprend.	Comps.Clave	Instrums.Aval.
	Marco Xeográfico da lingua	Coñecer e localizar	en mapas o marco xeogr. Sinalar sobre un mapa o marco xeográfico e os divesos períodos da civilización romana. Cidades e restos arqueolóxicos relevantes.
	Competencias clave: STEM, CCEC, CPSAA, CD, CC		Instrumentos de Avaliación Trballo no caderno do alumno, proba escrita
	O indoeuropeo.Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.Linguas romances e non romances.	Agrupar linguas indoeuropeas en familias; coñecer orixe das linguas faladas en España	Identificar linguas faladas en Europa como IE/non IE; identificar linguas españolas segundo orixe. CC
	CPSAA		
	CD		
	CPSAA		
	Instrumentos de Avaliación:	Instrumentos de Avaliación	Trballo no caderno do alumno, proba escrita
	Palabras patrimoniais, cultismos, semicultismos	Distinguilas e identificalas	Identificar e diferenciar eses tres tipos, segundo regras de evolución fonética CCL CP
	CPSAA	Instrumentos de Avaliación	Trballo no caderno, proba escrita
	O alfabeto latino. Pronuncia do latín	Coñecer e aplicar as normas básicas de pronuncia	Ler en voz alta textos latinos de certa extensión con pronuncia correcta. CCL CP Trballo na aula
	Formantes das palabras. Tipos de palabras. Conceptos de caso, declinación e conxugación	Distinguir e clasificar	Distinguir, clasificar, enunciar CPSAA
	CCL CP	Instrumentos de Avaliación	Trballo no caderno, proba escrita
	Flexión nominal: a 1ª, 2ª decls. dos sustantivos. Declinación dos Adxectivos	2-1-2	
	A 3ª Declinacion dos sustantivos: imparisílabos e parisílabos.	Coñecer as declinacións	Enunciar e declinar sustantivos e adxectivos CPSAA
	CD		

CCL CP Instrumentos de Avaliación Traballo no caderno, proba escrita

Flexión verbal: Os tres tempos do indic. en voz activa. Coñecer conxugacións e tempos
Enunciar e clasificar verbos, construír e indentificar tempos CPSAA

CCL CP Instrumentos de Avaliación Traballo no caderno, proba escrita

Elementos da oración. Casos latinos. Concordancia. A oración simple. Análise morfolóxica e sintáctica. Tradución. Analizar funcións palabras na oración, coñecer casos, regras concordancia, traducir Analizar morfolóxica e sintácticamente casos, traducir CPSAA

CCL CP Instrumentos de Avaliación Traballo no caderno, proba escrita

Vocabulario latino básico Coñecer, identificar, traducir léxico latino frecuente
Coñecer, identificar, traducir léxico latino frecuente CPSAA

CCL CP Instrumentos de Avaliación Traballo no caderno, proba escrita

Períodos da historia de Roma Coñecer feitos históricos etapas historia de Roma
Distinguir etapas historia de Roma; facer eixos cronolóxicos, situar acontecementos relevantes CC

CE

CD

CPSAA

STEM Instrumentos de Avaliación Traballo no caderno, proba escrita

PROBAS ESCRITAS:

EXAME 1:

DATA APROXIMADA: do 14 ó 21 de Outubro de 2022.

CONTIDOS: Períodos da Historia de Roma. Pronuncia e escrita do latín. Conceptos básicos de sintaxe: os casos e as súas funcións. Tipos de palabras en Latín. Os sustantivos da 1º e da 2ª Declinacións. O enunciado dos verbos. O Presente de Indicativo dos verbos das 4 conxugacións regulares e do verbo SUM . As funcións sintácticas básicas da frase; técnicas de análise e de traducción. Principais preposicións latinas. Aprendizaxe de vocabualrio básico. Técnicas de traducción.

EXAME 2 (= 'EXAMEN DE AVALIACIÓN'):

DATA APROXIMADA: do 18 ó 24 de Novembro de 2022.

CONTIDOS: Os sustantivos da 1º e 2ª Declinacións. Os adxectivos do 1º Tipo (2-1-2). Os sustantivos da 3ª declinación (Imparisílabos). O Pres. Ind. e o Pret. Impf. Ind. dos verbos. As funcións sintácticas básicas da frase; a análise e traducción. Principais preposicións latinas. Aprendizaxe de vocabulario básico. Técnicas de traducción.

ESTRUCTURA DOS EXAMES:

Sempre constarán de 2 partes: exercicios de Morfoloxía (5 puntos); e frases (Análise, vocabulario, traducción), (5 puntos).

NOTA DA AVALIACIÓN:

Anotacións do/a profesor/a sobre a observación do traballo diario na clase: 10%

Consecución dos estándares de aprendizaxe na proba escrita: 90%

RECUPERACION: Se se aproba a seguinte avaliación, considérase aprobada a anterior (en caso de que esta quedase suspensa).

NOTA FINAL da AVALIACIÓN: Obterase da nota media das calificacións dos dous ou tres exames realizados durante a avaliación; en caso de decimal, os resultados do último exame da Avaliación ("Exame de Avaliación") decidirá a dirección do redondeo. Será preciso obter no último exame da Avaliación un mínimo de 4,50 puntos. A nota da avaliación poderá subir ata un total de 1 punto polas anotacións do profesor/a sobre o traballo diario e de clase, e a actitude e comportamento do alumno/a, e realización de

tarefas e deberes encargados para casa. En todo caso, para aprobar a Avaliación, o último exame da avaliación deberá ter como mínimo un 4,50.

2ª AVALIACIÓN:

CONTIDOS

Flexión nominal: sustantivos da 3ª, 4ª e 5ª Declinacións. Adxectivos da 3º Decl (de 2 terminacións no Nom.Sg.).

Flexión pronominal: os pron.-adx. Demostrativos, os pronomes persoais, os adxs. posesivos

Flexión verbal:

Os tempos de perfecto de indicativo na voz activa.

Flexión verbal: breve introdución á voz pasiva. Os tempos do sistema de presente na voz activa (Indicativo)

Sintaxe: a oración pasiva

A organización política e social de Roma

Textos latinos: iniciación ás técnicas de traducción. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais ou adaptados.

Contidos- BLOQUE-1. Morfoloxía e Sintaxe

Flexión nominal: sustantivos da 3ª Declinación (Imp., Paris., F.I., F.P.) Adxectivos da 3º Declinación (de 2 terminacións: modelo 'fortis, -e'). Sustantivos da 4ª e 5ª Declinacións.

Flexión pronominal: os pron.-adx. Demonstrativos, os pronomes persoais, os adxs. posesivos

Flexión verbal: Os tempos de perfecto de indicativo na voz activa.

Criterios de Avaliación:

Coñecer as declinacións (1ª, 2ª), 3ª, 4ª e 5ª dos sustantivos; e a declinación dos dous tipos principais de adxectivos latinos. Saber encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación (a partir do seu enunciado), saber enuncialas e declinalas correctamente.

Coñecer as conjugacións; encadrar os verbos polo seu enunciado dentro da súa conjugación (sabendo extraer as 3 raíces verbais), enuncialos e conxugalos correctamente.

Recoñecer e traducir as formas dos tempos verbais de perfecto de indicativo na voz activa. Recoñecer e traducir as formas dos tres tempos verbais do sistema de presente na voz pasiva.

Estándares de Aprendizaxe:

Coñecer as declinacións (1ª, 2ª), 3ª, 4ª e 5ª dos sustantivos; e a declinación dos dous tipos principais de adxectivos latinos. Saber encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación (a partir do seu enunciado), saber enuncialas e declinalas correctamente.

Coñecer as conjugacións; encadrar os verbos polo seu enunciado dentro da súa conjugación (sabendo extraer as 3 raíces verbais), enuncialos e conxugalos correctamente.

Recoñecer e traducir as formas dos tempos verbais de perfecto de indicativo na voz activa. Recoñecer e traducir as formas dos tres tempos verbais do sistema de presente na voz pasiva.

Competencias Clave:

CPSAA, CCL CP, CD.

Instrumentos de Avaliación:

Traballo de clase; preguntas das probas escritas.

Grao mínimo de consecución do estándar:

Ten máis dun 50% das tarefas propostas nas probas escritas ben realizadas.

Contidos- BLOQUE-2: Roma, historia, cultura e civilización

A organización política, social e económica de Roma.

A familia romana.

Criterios de Avaliación:

Coñecer os trazos fundamentais da organización política, social e económica de Roma.

Coñecer a composición da familia e os papeis asignados ós seus membros.

Estándares de Aprendizaxe:

Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.

Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais.

Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais.

Competencias Clave:

CC, CCL CP, CE

Instrumentos de Avaliación:

Traballo de clase; preguntas e comentarios sobre ese tema nas probas escritas.

Grao mínimo de consecución do estándar:

Ten máis dun 50% das tarefas propostas na proba escrita ben realizadas.

Contidos- BLOQUE-3: Textos

Textos latinos: iniciación ás técnicas de traducción. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais ou adaptados.

PROBAS ESCRITAS:

1ª Proba: entre o 10 e o 18 de Xaneiro de 2023.

Contidos: 1ª, 2ª e 3ª declinacións (Imparisílabos e Parisílabos). Os Adxs. da 3ª declinación de 2 terminacións no Nom. Sg. O Futuro Impf. Ind.

2ª Proba (“Exame Final de Avaliación”): entre o 27 de Febreiro e o 3 de Marzo de 2023.

Contidos: 1ª, 2ª, 3ª, 4ª e 5ª Declinacións (Sustantivos). Os Adxectivos latinos. O Pret. Perf. Ind. Activo.

NOTA FINAL da AVALIACIÓN: Obterase da nota media das calificacións dos dous ou tres exames realizados durante a avaliación; en caso de decimal, os resultados do último exame da Avaliación (“Exame de Avaliación”) decidirá a dirección do redondeo. Será preciso obter no último exame da Avaliación un mínimo de 4,50 puntos. A nota da avaliación poderá subir ata un total de 1 punto polas anotacións do profesor/a sobre o traballo diario e de clase, e a actitude e comportamento do alumno/a, e realización de tarefas e deberes encargados para casa. En todo caso, para aprobar a Avaliación, o último exame da avaliación deberá ter como mínimo un 4,50.

3ª AVALIACIÓN.

A flexión pronominal en Latín. Os pronomes persoais. Os adxectivos-pronomes posesivos. Os Adxectivos-Pronomes Demostrativos.

Flexión verbal: Os tempos do Sistema de Perfecto en Voz Activa (Modo Indicativo).

A flexión pronominal: Os Pronomes Persoais e Adxectivos Posesivos. Os Pronomes-Adxectivos demostrativos.

Flexión Verbal: Introducción á Voz Pasiva en Latín. O Presente de Indicativo Pasivo dos verbos regulares. A oración pasiva. O Complemento Axente en Latín.

Flexión Verbal: as formas non persoais do verbo. O Infin. de Presente Activo. O Participio de Perf. Pasivo

Mitoloxía e Relixión. Os deuses romanos. Os rituais e sacrificios da relixión romana.

Lectura comprensiva de textos latinos

Vocabulario latino básico

Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos

Locucións latinas de uso actual

Contidos- BLOQUE-1: Morfoloxía e Sintaxe.

Flexión pronominal: Os pronomes persoais. Os adxectivos posesivos. Os pron.-adx. demostrativos. Os pronomes-adxectivos numerais.

Flexión verbal: os tempos do Sistema de Perfecto en Activa (Modo Indicativo).

Flexión verbal: a voz pasiva. O Pres. Ind. Pasivo.

Sintaxe: a oración pasiva. O Complemento Axente en latín.

Flexión Verbal: as formas non persoais do verbo. O Infin. de Presente Activo. O Participio de Perf. Pasivo.

Criterios de Avaliación:

Recoñecer as formas da flexión pronominal: dos pronomes persoais, dos adxectivos posesivo, dos pron.-adx. demostrativos e dos pronomes-adxectivos numerais.

Recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e perfecto, en voz activa, así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto.

Recoñecer e traducir correctamente as formas verbais do Presente de Indicativo da voz pasiva.

Recoñecer a sintaxe da oración pasiva. Coñecer a formas de construción do Complemento Axente en latín. Saber analizar e traducir frases sinxelas en voz pasiva co verbo en Presente de Indicativo.

Recoñecer as formas non persoais do verbo: O Infin. de Presente Activo e O Participio de Perf. Pasivo

Estándares de Aprendizaxe:

Recoñece e sabe construír e traducir (tanto en preguntas de Morfoloxía, como en Frases e Textos propostos) as formas da flexión pronominal: dos pronomes persoais, dos adxectivos posesivo, dos pron.-adx. demostrativos e dos pronomes-adxectivos numerais.

Recoñece as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e perfecto, tanto en voz activa como en voz pasiva, así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto.

Recoñece e traduce correctamente as formas verbais no Presente de Indicativo da voz pasiva, recoñecendo ben a persoa e o número de cada forma.

Recoñece a sintaxe da oración pasiva. Coñece a formas de construción do Complemento Axente en latín. Sabe analizar e traducir frases en voz pasiva.

Recoñece as formas non persoais do verbo: O Infin. de Presente Activo e O Participio de Perf. Pasivo

Recoñece os tempos do sistema de perfecto na voz activa (Indicativo)

Competencias Clave:

CCL CP, STEM, CPSAA

Instrumentos de Avaliación:

Actividades de clase; probas escritas.

Grao mínimo de consecución do estándar:

Ten máis dun 50% das tarefas propostas na proba escrita ben realizadas.

Contidos- BLOQUE-2: Roma: Historia, Cultura e Civilización.

Mitoloxía e Relixión. Cultos e divinidades. Principais deuses greco-romanos. Mitoloxía.

Vida cotiá: vivenda, alimentación, indumentaria.

O matrimonio. A educación; a educación física.

Os xogos. O lecer. Os espectáculos públicos.

Criterios de Avaliación:

Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos (con referencia tamén ós da Mitoloxía Grega); establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e heroes antigos e os actuais.

Coñecer as formas de culto ós deuses na Antiga Roma, as ofrendas e os sacrificios.

Coñecer a forma e estrutura e función dos templos. Coñecer os tipos de sacerdocios, e o fenómeno da adiviñación (harúspices e auspicios). Coñecer o papel da relixión na vida privada e pública da Antiga Roma.

Recoñecer os tipos de vivenda empregados en Roma, as características principais da alimentación romana, os elementos da indumentaria e as normas de hixiene persoal, peiteados e cosméticos.

Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual.

Estándares de Aprendizaxe:

Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da Mitoloxía Grecolatina; sinala os trazos que os caracterizan, recoñecelos nas obras de arte de tódalas épocas, establece relación entre os deuses máis importantes.

Identifica as formas de culto ós deuses na Antiga Roma, as ofrendas e os sacrificios.

Recoñece a forma e estrutura e función dos templos. Recoñece os tipos de sacerdocios, e o fenómeno da adiviñación (harúspices e auspicios). Coñece e valora o papel integrador e identitario da relixión politeísta na vida privada e pública da Antiga Roma.

Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heoe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ámbolos dous tratamentos.

Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade.

Competencias Clave:

CPSAA, CCEC, CD, CC, CE, CCL CP, CCMT.

Instrumentos de Avaliación:

Actividades de clase; probas escritas.

Grao mínimo de consecución do estándar:

Ten máis dun 50% das tarefas propostas na proba escrita ben realizadas.

Contidos- BLOQUE-3: Textos e Léxico

Lectura comprensiva, análise e traducción de textos latinos sinxelos, orixinais ou adaptados.

Vocabulario básico latino: léxico de maior frecuencia.

Criterios de Avaliación:

Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e traducción dos textos presentados, e o comentario do contido e a estrutura dos textos latinos traducidos.

Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.

Estándares de Aprendizaxe:

Realiza a adecuada análise e traducción dos textos propostos.

Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta e noutras materias.

Identifica e explica as palabras latinas de maior frecuencia de uso.

Competencias Clave:

CCEC, CCL CP, CD, CPSAA.

Instrumentos de Avaliación:

Actividades de clase; probas escritas.

Grao mínimo de consecución do estándar:

Ten máis dun 50% das tarefas propostas na proba escrita ben realizadas.

PROBAS ESCRITAS:

1ª Proba: entre o 17 e 21 de Abril de 2023.

Contidos:

A flexión pronominal en Latín. Os pronomes persoais. Os adxectivos-pronomes posesivos. Os Adxectivos-Pronomes Demostrativos.

Os tempos do Sistema de Perfecto da voz activa (Indicativo).

A mitoloxía grega e latina. Os deuses do panteón romano. A relixión na Antiga Roma.

2ª Proba (“Exame Final”): entre 18 de Maio e o 26 de Maio de 2023.

1ª, 2ª, 3ª, 4ª, 5ª declinacións dos sustantivos en latín. Os adxectivos latinos.

A flexión pronominal en Latín. Os pronomes persoais. Os adxectivos-pronomes posesivos. Os Adxectivos-Pronomes Demostrativos.

Os tempos do Indicativo da voz activa nos verbos latinos: tempos da raíz de Presente e da raíz de Perfecto.

O Presente de Indicativo Pasivo en latín. A Oración Pasiva. O Complemento Axente en latín.

A mitoloxía grega e latina. Os deuses do panteón romano. A relixión na Antiga Roma.

NOTA FINAL da AVALIACIÓN: Obterase da nota media das calificacións dos dous exames realizados durante a avaliación; en caso de decimal, os resultados do último exame da Avaliación (“Exame de Avaliación”) decidirá a dirección do redondeo. Será preciso obter no último exame da Avaliación un mínimo de 4,50 puntos. A nota da

avaliación poderá subir ata un total de 1 punto polas anotacións do profesor/a sobre o traballo diario e de clase, e a actitude e comportamento do alumno/a, e realización de tarefas e deberes encargados para casa. En todo caso, para aprobar a Avaliación, o último exame da avaliación deberá ter como mínimo un 4,50.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE XUÑO (Prodecemento de avaliación extraordinaria para ESO e BACH.):

Aqueles alumnos que non aproben a 3ª Avaliación Ordinaria do curso, recibirán entre o día martes 7 de Xuño e o venres 17 de Xuño durante a clase actividades de repaso e afianzamento de coñecementos mínimos deseñadas polo Profesor, nas que tamén poderán e deberán participar aqueles alumnos/as que teñan aprobado a 3ª Avaliación Ordinaria.

Os alumnos/as non aprobasen a 3ª Avaliación e a Avaliación Final Ordinaria, dedicarán estes días a actividades de repaso e adestramento, apoio, reforzo e tutorización, para a preparación e realización das Probas Extraordinarias da asignatura, entre os días 20 e 22 de Xuño. Esas actividades serán deseñadas polo profesor da asignatura, e para desenvolverlas o alumnado deberá asistir regularmente entre o día 7 de Xuño e o 17.

O alumnado que teña aprobada xa a 3ª Avaliación e a Avaliación Final Ordinaria deberán asistir tamén a esas clases con actividades obrigatorias de apoio, reforzo, ampliación e tutorización dos contidos e competencias traballados durante todo o curso.

Os alumnos que non aprobasen a 3ª Avaliación e Avaliación Final Ordinaria deberán presentarse ao Exame ou **Proba Extraordinaria que se realizará entre os días 14 e 20 de Xuño de 2023.**

O contido do que se examinarán estes alumnos/as será o contido dado durante o curso, aínda que se poderán reducir algúns aspectos dos temas dados na última avaliación. O profesor procurará que o Exame demostre que o alumno/a ten as competencias básicas e coñecementos necesarios en morfoloxía nominal e verbal, sintaxe, léxico e técnicas de análise e tradución. O contido deste exame, pois, basearase nos “Contidos Mínimos” da materia, expostos a continuación.

Esta convocatoria extraordinaria, tanto en ESO como en Bacharelato, consistirá igualmente nunha proba escrita de 10 preguntas (5 frases para análise e traducción, e 5 exercicios de morfoloxía nominal, pronominal e verbal) valoradas con 1 punto cada unha de elas. Na proba extraordinaria, o alumno debera acadar unha cualificación mínima de 5 puntos para aprobar a materia.

4.2- CONTIDOS MÍNIMOS DE LATÍN DE 4º ESO.

Abecedario e a pronunciación clásica e postclásica do latín.

* Lectura e interpretación de textos en latín de dificultade progresiva dentro dun contexto

* O latín como lingua flexiva. Os casos e os seus principais valores sintácticos.

* A flexión nominal, pronominal e verbal.

Nexos coordinantes máis frecuentes.

* A orixe e a evolución do latín. Clasificación das linguas indoeuropeas.

* Latín culto e latín vulgar:

* A evolución fonética. Termos patrimoniais, semicultismos e cultismos.

Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes.

* Compoñentes grecolatinos nas linguas romances. Identificación de lexemas, sufixos e prefixos grecolatinos usados na propia lingua: préstamos, derivación, composición e analoxía como mecanismos de enriquecemento do vocabular Os étimos gregos e latinos nas terminoloxías específicas.

* Latinismos e locucións latinas. Recoñecemento das expresións latinas incorporadas á lingua falada e escrita.

* O marco xeográfico e histórico da sociedade romana. Gallaecia e o resto da Hispania. As vías romanas de Hispania e as grandes vías modernas.

* As institucións e a vida cotiá. Ocio e negocio. Relación entre o relixioso e o

festivo. Interpretación dos seus referentes desde a nosa perspectiva sociocultural. Comparación e análise crítica das estruturas sociais e familiares.

*As pegadas materiais da romanización.

*Recoñecemento de elementos da mitoloxía clásica en manifestacións culturais de todo tipo e interpretación do seu significado.

* O papel de Roma na historia de Occidente, o patrimonio arqueolóxico, artístico e literario. Coñecemento especial do herdado en Galicia.

5.- AVALIACIÓN

5.1- CRITERIOS DE AVALIACIÓN RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS BÁSICAS

1. Identificar en textos traducidos de autores clásicos e modernos, despois de resumilos, aspectos históricos ou culturais.

Este criterio pretende verificar a capacidade de comprender o contido dun texto, identificar acontecementos, personaxes e aspectos da civilización romana, e relacionar os datos do texto con referentes actuais.

2. Distinguir nas diversas manifestacións literarias e artísticas de todos os tempos a mitoloxía clásica como fonte de inspiración e recoñecer no patrimonio arqueolóxico as pegadas da romanización.

Este criterio trata de comprobar se se identifican os principais elementos da mitoloxía clásica e o patrimonio arqueolóxico romano en diversos contextos expresivos, textos literarios e iconografía de calquera tipo, se se comprende o seu significado específico e se se advirte o seu valor como fonte de inspiración.

3. Aplicar as regras básicas de evolución fonética a étimos latinos que dean orixe a termos romances do vocabulario habitual e establecer a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade para utilizar os mecanismos de evolución fonética e analizar as diferenzas de significado entre palabras dunha mesma orixe.

4. Identificar compoñentes de orixe grecolatina en palabras da linguaxe cotiá e no vocabulario específico das ciencias e da técnica, e explicar o seu sentido etimolóxico.

Este criterio trata de comprobar a capacidade de recoñecer os formantes gregos e latinos en diferentes contextos lingüísticos e producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos.

5. Recoñecer latinismos e locucións usuais de orixe latina incorporadas ás linguas coñecidas polo alumno e explicar o seu significado en expresións orais e escritas.

Este criterio pretende verificar se o alumnado identifica e comprende as expresións latinas integradas nas linguas modernas e se é capaz de utilizalas de xeito coherente.

6. Recoñecer os elementos morfolóxicos e as estruturas sintácticas elementais da lingua latina e comparalos cos da propia lingua.

Con este criterio trátase de constatar a comprensión do funcionamento básico da lingua latina e a capacidade de establecer analoxías e diferenzas con elementos e estruturas da súa propia lingua.

7. Traducir textos breves e sinxelos e producir, mediante retroversión, oracións simples utilizando as estruturas propias da lingua latina.

Este criterio intenta comprobar se as alumnas e os alumnos asimilaron as estruturas morfolóxicas e sintácticas elementais da lingua latina e se son capaces de recoñecelas para realizaren traducións directas ou inversas de textos elaborados de escasa dificultade.

8. Manexar recursos que lle permitan ó alumnado elaborar, guiado polo

profesorado, un traballo temático sinxelo sobre calquera aspecto da produción artística e técnica, a historia, as institucións, ou a vida cotiá en Roma.

Este criterio quere comprobar se o alumnado é quen de buscar información en fontes e formatos diversos, selecciónala, organizala e, despois da elaboración dun texto, expresala con orde, coherencia e cohesión na escrita.

5.2- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (ordinaria e extraod.)

É unha avaliación continua e nela valorárase actitude, atención, estudo e coñecementos.

As probas de cada avaliación constarán de:

- A) Análise e tradución de frases e textos sinxelos do latín ó galego ou castelán e viceversa sen usar o dicionario.
- B) Exercicios de morfoloxía correspondentes á programación do curso.
- C) Cuestións sobre etimoloxías latinas e expresións latinas de uso actual
- D) Exercicios de evolución fonética do latínogalego ou castelán.
- D) Cuestións de literatura e cultura latina.

Criterios de avaliación:

Puntuación:

- Os exames serán escritos e constarán de 10 preguntas cualificadas cun valor de 1 punto cada unha delas.

- Faráse un mínimo de 1 exame por avaliación, sendo o habitual 2 e unha Proba Final na que entrarán os contidos mínimos do curso. O alumno deberá acadar unha cualificación mínima de 4'50 puntos como media dos dous exames, tendo en conta que en caso de decimais o segundo exame decidirá se se redondea cara arriba ou cara abaixo. En todo caso, na proba final do curso (exame final) deberase obter un 5 como mínimo para aprobar a materia.

- A convocatoria extraordinaria consistirá igualmente nunha proba escrita de 10 preguntas (5 frases para análise e tradución, e 5 exercicios de morfoloxía nominal,

pronominal e verbal) valoradas con 1 punto cada unha de elas. Na proba extraordinaria, o alumno debera acadar unha cualificación mínima de 5 puntos para aprobar a materia.

5.3- SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

Exposto no punto anterior

5.4- MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

- O alumno deberá dominar as ideas básicas de todos e cada un dos puntos expostos no apartado 4.2: contidos mínimos

5.5- PROGRAMA REFORZO PARA RECUP. DE PENDENTES DE C. ANTERIORES

Por ser o primeiro curso no que se oferta esta materia non é posible que haxa alumnos coa materia pendente de cursos anteriores.

No caso de haber alumnos repetidores, elaborárase, se fose preciso, un plan específico para axudalos a acadar os obxectivos do curso.

6.- METODOLOXÍA, MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Selección de frases e textos accesibles ó nivel dos alumnos.
- A correcta interpretación dos textos implicará a súa contextualización, a análise dos aspectos gramaticais e a captación e comentario da mensaxe que nel aparece.
- Recorreráse tamén á lectura de fragmentos traducidos ou bilingües de autores latinos cando sexa necesario para unha mellor comprensión dos conceptos culturais das distintas unidades.
- O comentario de texto, sempre que sexa posible, irá acompañado de material audiovisual: mapas, gráficos, vídeos, etc.
- O estudo dos aspectos lingüísticos e culturais ten que ser simultáneo.

Materiais curriculares e recursos didácticos:

- Libro de texto: editorial Anaya.
- CD incluido no libro de texto.

Latín-II. Curso: 2º Bach.

LATÍN. CURSO 2º BACHARELATO.

1.- PRESENTACIÓN (INTRODUCCIÓN e CONTEXTUALIZACIÓN):

A materia de Latín-I e Latín-II de bacharelato proporciona as bases lingüísticas, históricas e culturais precisas para entender aspectos esenciais da civilización occidental; permite unha reflexión profunda sobre as linguas galega e castelá e contribúe eficazmente á aprendizaxe das linguas modernas de orixe romance ou doutras influídas polo latín. Constitúe tamén un coñecemento imprescindible para todas as persoas que optaron por unha primeira especialización no campo das humanidades ou das ciencias sociais.

Hai que recordar que s contidos propostos para Latín I e II en que se desenvolve a materia céntranse en dous grandes ámbitos, a lingua e a cultura, distribuídos en catro bloques:

Estudo progresivo das características da lingua latina.

A aprendizaxe da lingua latina e da súa gramática terá como obxectivo último a comprensión e tradución de textos literarios orixinais dunha complexidade progresiva, para o que é posible partir de textos adaptados ou elaborados.

Segundo se suxire no DCB de Latín para 4º de ESO, parece recomendable seguir un método no que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución e no que a súa aprendizaxe sistemática constitúa unha segunda fase.

Comprensión e interpretación de textos latinos.

Os textos seleccionados responderán a diferentes épocas e xéneros literarios e poderán presentarse, tanto na súa forma orixinal, coas adaptacións necesarias para facilitar a súa comprensión, como en traducións. O profesorado poderá servirse tamén de textos elaborados graduados que faciliten o acceso progresivo ós textos orixinais.

A práctica da tradución de textos latinos ha de contribuír tamén á reflexión sobre a lingua propia, buscando a correcta adecuación entre as estruturas

lingüísticas de ambas as linguas.

Estudo do léxico latino e a súa pervivencia en galego, castelán e outras linguas modernas.

A adquisición dun vocabulario latino, baseado nunha frecuencia de uso, constitúe un instrumento para a comprensión e tradución de textos, o tempo que permite mellorar na expresión oral e escrita en galego e en castelán, así como en linguas estranxeiras. Pódese adquirir ese vocabulario básico a través dos textos traballados, co que a súa aprendizaxe se realiza nun contexto determinado que facilita a súa asimilación.

A lectura de textos traducidos e orixinais constitúe un instrumento privilexiado para pór o alumnado en contacto coas mostras máis importantes da civilización romana: a creación literaria e a produción artística; a ciencia e a técnica; as institucións políticas, relixiosas e militares; a vida familiar, a organización social e a ordenación xurídica. A selección de textos de xéneros e épocas diversas atenderá o criterio de ofrecer unha visión completa e equilibrada da historia e da sociedade romanas. A sistematización de todos eses datos extraídos de diversas fontes documentais, incluídas as que brindan as tecnoloxías da información e da comunicación, e a súa comparación constante cos que ofrecen as sociedades actuais permitirán unha valoración razoada da achega de Roma á conformación do ámbito cultural e político europeo.

As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) ofrecen novas e atractivas perspectivas no estudo da lingua e cultura romanas que convén aproveitar, como o uso de metodoloxías interactivas no estudo da lingua latina, procura de textos, imaxes e vídeos na internet, ferramentas de presentación e comunicación de resultados, etc.

A gradación dos contidos lingüísticos debe basearse no índice de frecuencia, situando no primeiro curso o máis habitual e deixando para o segundo o menos

frecuente. Corresponde ó primeiro a lectura comprensiva e traducción de textos breves e sinxelos a través dos cales se asimilarán as estruturas da morfoloxía regular, os valores sintácticos máis usuais e os aspectos básicos da civilización romana. No segundo curso avanza na lectura comprensiva e traducción de textos de maior complexidade, distinguindo neles as características do xénero literario ó que pertencen, así como o tratamento de aspectos específicos do legado romano. A programación deste curso segue estritamente as pautas dadas establecidas pola CIUGA.

2.- OBXECTIVOS

2.1- OBXECTIVOS DE ETAPA

1. Iniciar na lectura, interpretación e traducción de textos de dificultade progresiva, utilizando, para este fin, o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua latina.
2. Reflexionar sobre os elementos substanciais que conforman as linguas e recoñecer compoñentes significativos da flexión nominal, pronominal e verbal latina nas linguas modernas derivadas do latín ou influídas por el.
3. Aproximarse a textos latinos diversos, orixinais, adaptados e traducidos, mediante unha lectura comprensiva e distinguir as súas características esenciais e o xénero literario ó que pertencen.
4. Recoñecer elementos da lingua latina que evolucionaron ou que permanecen nas nosas linguas e apreciarlos como clave para a súa interpretación.
5. Buscar información sobre aspectos relevantes da civilización romana, indagando en documentos e en fontes variadas, analizalos criticamente e constatar a súa presenza ó longo da historia.
6. Identificar e valorar as principais achegas da civilización romana no noso contorno e apreciar a lingua latina como instrumento transmisor de cultura.

7. Valorar a contribución do mundo romano na súa calidade de sistema integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas e estéticas) que conforman o ámbito cultural europeo. Faga click e escriba

2.2- OBXECTIVOS DO CURSO.

Coinciden cos de etapa.

3.- CONTIDOS BÁSICOS

Interpretación crítica de textos. A traducción como técnica. A exactitude na expresión lingüística.

-Valoración do estilo dun texto en función das peculiaridades do autor e das peculiaridades do texto e do contexto.

-A literatura latina e os xéneros literarios. Influencia da literatura latina na literatura posterior.

-As raíces romanas de Galicia.

A lingua latina.

-Revisión da flexión nominal e pronominal. Formas menos usuais e irregulares.

-Revisión da flexión verbal regular. Verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo.

-Afondamento no estudo da sintaxe casual.

-A oración composta. A subordinación: substantiva, adxectiva e adverbial; uso das partículas subordinantes máis frecuentes. Construcións de participio e de infinitivo.

Os textos latinos e a súa interpretación.

-Afondamento na lectura comprensiva e traducción de textos latinos achegándose ó seu contexto social, cultural e histórico.

-Lectura e comentario de obras e fragmentos latinos traducidos relacionados cos diversos xéneros literarios asimilando as súas características formais.

O léxico latino e a súa evolución.

- Aprendizaxe de vocabulario.
- Formación de palabras latinas. Composición e derivación. Compoñentes etimolóxicos no léxico das linguas romances.
- Vocabulario específico de orixe grecolatina usual nas disciplinas que se estudan no bacharelato.
- Expresións latinas incorporadas á linguaxe culta.
- Uso correcto do dicionario.

Roma e o seu legado.

- Transmisión da literatura clásica.
- Os xéneros literarios latinos e a súa influencia nas manifestacións posteriores artísticas e literarias con especial referencia á cultura galega.
- A romanización da Gallaecia. Vestixios en xacementos arqueolóxicos e museos.

4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

- 1º. Temporalización.
- 2º. Grao mínimo de consecución para superar a materia.
- 3º. Procedementos e instrumentos de avaliación.

(=CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE; SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN)

1ª AVALIACIÓN

(NOTA: os contidos preséntanse en 4 bloques de contidos; o bloque máis importante e que contén os estándares de aprendizaxe máis importantes, o desempeño dos cales será a clave para os instrumentos de avaliación e a propia avaliación, é o bloque 1 e 3, seguido do bloque 2 e 4). En MAIÚSCULA OU SUBLIÑADOS PÓÑENSE OS CONTIDOS NON VISTOS EN Latín-I (1º Bach. do curso 2019/2020 por causa da situación especial pola epidemia de COVID-19)

Contidos-1: BLOQUE 1 ('Morfoloxía'); BLOQUE 2 ('Sintaxe'); GRAMÁTICA e LINGUA.

Morfología nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares dos sustantivos e adxectivos (das 5 declinacións). Os graos do Adxectivo e do Adverbio. Repaso dos pronomes persoais, demostrativos, anafórico, anafórico-enfático, enfático de identidade, pronome relativo. Pronomes numerais, indefinidos, interrogativos.

-Morfología verbal: O verbo latino. Repaso do enunciado das 4 conxugacións regulares. OS VERBOS DA 3ª MIXTA.

-Os tempos do Subxuntivo (en activa e pasiva). Morfología. Tradución deses tempos en galego e castelán. Uso en oracs. independentes (“utinam...”) e subordinadas.

-- USOS DE ‘CUM’ E ‘UT’. A subordinación en latín.

--Os usos especiais dos casos: o Acusativo. O Dobre Acus. de OD/Ptvo e de OD pers./cousa. O Acus. de extens. O CCL CP “a” sen Prep. Outros usos do Acus.

--Os usos do Dativo: OI, Dat. Poses., Dat. Int., Dat. P. de v., Dat. de final, Dobre Dativo. Dat. Axente (con perifr. pas.).

-Usos do Xenitivo.

-Os CCL CP en latín. O CCL CP “en”; o locativo. O CCL CP “a”. O CCL CP “de”. O CCL CP “por”.

--Os prons.-adx. numerais. Un, dous, e tres: declinación. Ata 20.

-O Participio de Perfecto Pasivo. Os tempos do Perfecto en voz pasiva (Indicativo).

-Os tempos do Subxuntivo (en activa e pasiva). Morfología. Tradución deses tempos en galego e castelán. Uso en oracs. independentes (“utinam...”) e subordinadas.

-- USOS DE ‘CUM’ E ‘UT’. A subordinación en latín.

-Repaso da Pasiva. A construción do C. Ax.

-Os Verbos Deponentes. Repaso da voz pasiva. Comparación de frases con Vbos. dep. e con verbos en auténtica pasiva.

-Os Participios Latinos (os catro). Morfología e tradución. Uso dos participios de Pres. Act. e de Perf. Pas. construcións de Part. Concert e Part. Absol. (Abl. Abs.).

-Uso dos Parts. de Fut.: as voces perifrásticas activa e pasiva.

-Os Infinitivos latinos (os seis). Morfología e tradución.

Usos do Infinitivo: en func. de Sux., en func. de OD. As completivas de Inf. con Sux. en Acus. (introdución).

--Os Numerais en Latín. Os prons.adx. indefinidos. Os prons.adx. interrogativos.

- Sintaxe: estudo pormenorizado das sintaxe nominal e pronominal: usos especiais dos casos. A concordancia. O predicativo. O Nominativo. O PN do verbo sum. O vocativo.

--Os usos especiais dos casos: o Acusativo. O Dobre Acus. de OD/Ptvo e de OD pers./cousa. O Acus. de extens. O CCL CP “a” sen Prep. Outros usos do Acus.

--Os usos do Dativo: OI, Dat. Poses., Dat. Int., Dat. P. de v., Dat. de final, Dobre Dativo. Dat. Axente (con perifr. pas.).

-Usos do Xenitivo.

-Os CCL CP en latín. O CCL CP “en”; o locativo. O CCL CP “a”. O CCL CP “de”. O CCL CP “por”.

--Os prons.-adx. numerais. Un , dous, e tres: declinación. Ata 20.

- Os verbos irregulares: eo, fero, volo. Verbos compostos de sum. O verbo possum.

Sintaxe: estudo pormenorizado das sintaxe nominal e pronominal: usos especiais dos casos. A concordancia. O predicativo. Os usos especiais do Acusativo; Genitivo; Dativo; Ablativo. Os Complementos Circunstanciais de Lugar.

Morfoloxía verbal: os verbos da 3º Conx. ‘Mixta’. Repaso da clasificación dos verbos en conxugacións. Repaso da voz pasiva. Os verbos deponentes. Os verbos irregulares: eo, fero, volo, possum. Verbos compostos de sum.

Morfoloxía verbal: as voces perifrásticas activa e pasiva.

Morfoloxía verbal: os Infinitivos latinos. Morfoloxía e usos. O Xerundio. O supino.

Morfoloxía verbal: Os Participios Latinos. Morfoloxía e usos. O Xerundio.

Sintaxe: os usos de UT e CUM.

-Análise e tradución de textos do “Breviarium Historiae Romana” de Eutropio (da ‘Selección’ proposta pola CIUGA).

-Aprendizaxe do uso do DICCIONARIO Latín-Español, para a análise e tradución dos textos.

Criterios de Avaliación:

Recoñecer os elementos da oración latina, no traballo cun texto.

Coñecer e aplicar os coñecementos da sintaxe nominal e pronominal, da sintaxe dos casos, para a tradución de textos latinos.

Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas; segmentar adecuadamente o texto en oracións para realizar a tarefa de análise, traducción e interpretación.

Relacionar e aplicar os coñecementos sobre elementos da oración e construcións sintácticas na interpretación e traducción dos textos latinos orixinais ou adaptados.

Coñecer (e recoñecer no texto) as función das formas non persoais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo, supino.

Estándares de Aprendizaxe:

Identifica adecuadamente os usos dos casos, e utiliza axeitadamente a análise da sintaxe dos casos dun texto dado, para efectuar correctamente a súa traducción, incluso en casos especiais como un Dativo Posesivo, un Dobre Acusativo, un Acusativo de Extensión, un Xenitivo Partitivo...

Competencias Clave:

CCL CP, CPSAA

Instrumentos de Avaliación:

Traballo de clase; preguntas sobre nas probas escritas; análise, traducción e interpretación de textos latinos orixinais ou adaptados nas probas escritas.

Grao mínimo de consecución do estándar:

Ten máis dun 50% das tarefas propostas na proba escrita ben realizadas.

Contidos-2: (Bloque 2: Literatura Latina)

A transmisión da Literatura Latina. Os xéneros (e subxéneros) literarios latinos.

A épica. Características do xénero. Antecedentes gregos. A épica anterior a Virxilio: Livio Andronico, Nevio, Ennio. Virxilio. *A Eneida.*

Características principais da *Eneida* de Virxilio: contido, argumento, estrutura, principais personaxes, forma e estilo. Estrutura, personaxes e trama da *Eneida*.

Selección de textos da '*Eneida*', en tradución.

Ovidio. *As Metamorfoses*. Lectura e comentario de textos de épica en tradución:

A poesía lírica. Características do xénero. Antecedentes gregos. O xurdimento da lírica en Roma: os poetae novi. Catulo. Os elexíacos. Horacio. Ovidio. Lectura e comentario de Selección de textos de Horacio.

Contidos-3: (Bloque 3: Expresións de orixe latina. Latinismos).

--Latinismos: Os latinismos do Listado proposto pola CIUGA, do nº 1 ao nº 50.

Criterios de Avaliación:

Enumerar os principais factores da transmisión da Literatura Latina ó longo dos períodos históricos, e descubrir os soportes de escritura da Antigüidade e a súa evolución.

Coiñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus antecedentes gregos, os seus autores, as obras máis representativas e as súas influencias na literatura posterior, na poesía épica e na poesía lírica.

Estándares de Aprendizaxe:

Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ó longo do tempo.

Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.

Realiza eixos cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa Literatura Latina, en especial cos xéneros da poesía épica e da poesía lírica.

Nomea autores representativos da poesía épica e lírica latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas.

Realiza comentarios de textos latinos de poesía épica ('A Eneida' e 'As Metamorfoses') e/ou poesía lírica (Catulo, Horacio) (en texto orixinal acompañado de tradución), explicando a estrutura do texto, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica os rasgos do xénero ó que pertencen no texto seleccionado e presentado.

Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina da poesía épica e/ou da poesía lírica en textos de autores/as modernos e contemporáneos da Literatura Galega e da Literatura Española, así como doutras literaturas modernas; e tamén na escultura, pintura e outras manifestacións artísticas.

Competencias Clave:

CCEC, CMCTT, CPSAA, CCL CP, CD.

Instrumentos de Avaliación:

Traballo de clase; preguntas nas probas escritas.

Grao mínimo de consecución do estándar:

Ten máis dun 50% das tarefas propostas na proba escrita ben realizadas.

Contidos-3 (BLOQUE 5: Textos; BLOQUE 6: Léxico).

Traducción e interpretación de textos latinos orixinais ou adaptados de Eutropio, César, Nepote, Lhomond (prosa); Fedro, Virxilio e Ovidio (verso).

Manexo do dicionario.

Comentario e Análise Histórica, Lingüística e Literaria de textos latinos orixinais e traducidos.

Identificación das características formais dos textos.

Ampliación de vocabulario básico latino: léxico literario, científico e filosófico.

Etimoloxía e orixe das palabras na propia lingua.

Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á lingua literaria.

Criterios de Avaliación:

Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.

Estándares de Aprendizaxe:

Recoñece e distingue a partir do étimo latino palabras patrimoniais, semicultismos e cultismos.

Realiza e explica evolucións de termos latinos ó galego/castelán.

Competencias Clave:

CL, CPSAA, CCEC, STEM, CCL CP, CD

Instrumentos de Avaliación:

Traballo de clase; preguntas nas probas escritas.

Grao mínimo de consecución do estándar:

Ten máis dun 50% das tarefas propostas na proba escrita ben realizadas.

-Contidos 4 (BLOQUE 6: Léxico): Os latinismos.

Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á lingua literaria. Estudiaranse os primeiros 50 latinismos o listado de 150 Latinismos fixado pola CIUGA.

PROBAS ESCRITAS (1ª AVALIACIÓN):

1ª Proba: entre o 13 e 20 de Outubro de 2022.

-Os verbos da 3ª Mixta. Repaso do enunciado e conxugación dos verbos regulares en latín.

-O Participio de Perfecto Pasivo. Os tempos do Perfecto en voz pasiva (Indicativo).

-Os tempos do Subxuntivo (en activa e pasiva). Morfoloxía. Tradución deses tempos en galego e castelán. Uso en oracs. independentes (“utinam...”) e subordinadas. USOS DE UTE CUM.

- Repaso da Pasiva. A construción do C. Ax.
- Os Verbos Deponentes. Enunciado e características dos verbos deponentes. Repaso da voz pasiva. Comparación de frases con Vbos. dep. e con verbos en auténtica pasiva.
- O Locativo. Os CCL CP.
- Usos especiais do ACUSATIVO: Dobre Acus., Acusativo de extensión, outros usos.
- Usos especiais do DATIVO.
- Os Participios Latinos (os catro). Morfoloxía e tradución. Uso dos participios de Pres. Act. e de Perf. Pas. construcións de Part. Concert e Part. Absol. (Abl. Abs.).
- Uso dos Parts. de Fut.: as voces perifrásticas activa e pasiva.
- Os Infinitivos latinos (os seis). Morfoloxía e tradución.
- Usos do Infinitivo: en func. de Sux./PN, en func. de OD. As completivas de Inf. con Sux. en Acus. (introdución).
- LITERATURA LATINA: A poesía épica latina. Virxilio. A Eneida.
- Latinismos: os 25 primeiros latinismos do Listado.

2ª Proba: entre o 14 e 18 de Novembro de 2022.

- O Participio de Perfecto Pasivo. Os tempos do Perfecto en voz pasiva (Indicativo).
- Os tempos do Subxuntivo (en activa e pasiva). Morfoloxía. Tradución deses tempos en galego e castelán. Uso en oracs. independentes (“utinam...”) e subordinadas.
- Repaso da Pasiva. A construción do C. Ax.
- Os Verbos Deponentes. Repaso da voz pasiva. Comparación de frases con Vbos. dep. e con verbos en auténtica pasiva.

-Os Participios Latinos (os catro). Morfoloxía e tradución. Uso dos participios de Pres. Act. e de Perf. Pas. construcións de Part. Concert e Part. Absol. (Abl. Abs.).

-Uso dos Parts. de Fut.: as voces perifrásticas activa e pasiva.

-Os Infinitivos latinos (os seis). Morfoloxía e tradución.

Usos do Infinitivo: en func. de Sux., en func. de OD. As completivas de Inf. con Sux. en Acus. (introdución).

-USOS ESPECIAIS DOS CASOS: USOS DO ACUSATIVO, USOS DO DATIVO. USOS DO XENITIVO. OS COMPLEMENTOS CIRCUNSTANCIAIS DE LUGAR. O LOCATIVO.

-LITERATURA LATINA: A poesía épica latina. Virxilio. A Eneida(2).

A poesía lírica latina. Horacio. As “Odas”.

-Latinismos: os 50 primeiros latinismos do Listado.

2ª AVALIACIÓN:

Contidos-1: BLOQUE 2 (‘Morfoloxía’); BLOQUE 3 (‘Sintaxe’). GRAMÁTICA E LINGUA.

Morfoloxía verbal: os Infinitivos latinos. Morfoloxía e usos. O Xerundio. O supino.

Morfoloxía verbal: Os Participios Latinos. Morfoloxía e usos. O Xerundivo.

Morfoloxía verbal: as voces perifrásticas activa e pasiva.

Sintaxe: tipos de oracións e construción subordinadas. usos de UT, CUM E QUOD.

Sintaxe: Construcións de infinitivo. As completivas de Infinitivo con Suxeito en Acusativo. Casos especiais. A pasiva impersonal. A construción persoal e impersonal do Infinitivo.

Sintaxe: as construción de Participio. Participio Concertado, Ablativo Absoluto, Abl. Abs. sen participio. Uso do participio de perfecto de verbos deponentes concertado co Suxeito. Construcións de Xerundio e Xerundivo. Construcións de Supino.

Sintaxe: oracións compostas. Coordinación e subordinación.

Sintaxe: as oracións de relativo. Casos especiais.

Sintaxe: as oracións interrogativas en latín. Directas e Indirectas.

Sintaxe: os tipos de oracións completivas (ou ‘substantivas’) en latín.

Criterios de Avaliación:

Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de tódalas formas verbais, tanto persoais como impersonais.

Recoñecer e clasificar as oracións e construción sintácticas latinas.

Recoñecer e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas na análise, tradución e interpretación de textos latinos orixinais ou adaptados.

Definir, comprender e recoñecer os diferentes tipos de oracións compostas coordinadas e subordinadas, identificando os nexos (conxuncións) de modo preciso.

Coñecer as función e o uso das formas non persoais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo, supino; e saber traducir o seu uso nas correspondentes formas en galego/castelán.

Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas; segmentar adecuadamente o texto en oracións para realizar a tarefa de análise, tradución e interpretación.

Relacionar e aplicar os coñecementos sobre elementos da oración e construcións sintácticas na interpretación e tradución dos textos latinos orixinais ou adaptados.

Coñecer (e recoñecer no texto) as función das formas non persoais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo, supino.

Estándares de Aprendizaxe:

Identifica con seguridade (e axudándose do Dicionario) calquera tipo de formas verbais; conxúgaas, e indica o seu equivalente en galego/castelán.

Aplica os seus coñecementos de morfoloxía verbal latina para realizar de modo preciso traducións e retroversións, axudándose do Dicionario, utilizando na tradución a forma verbal galega ou castelá que reproduce correctamente a forma latina.

Competencias Clave:

CPSAA, CCL CP, CD

Instrumentos de Avaliación:

Traballo de clase; preguntas nas probas escritas.

Grao mínimo de consecución do estándar:

Ten máis dun 50% das tarefas propostas na proba escrita ben realizadas.

Contidos-2: (Bloque 4: Literatura Latina)

A poesía lírica. Catulo. Os elexíacos. Horacio. Ovidio. Lectura de Selección de textos líricos de Horacio e Catulo.

A comedia latina. O teatro na Antiga Roma. A comedia: Plauto e Terencio. Lectura dunha obra de Plauto (Aulularia), una selección de textos da comedia plautina e/ou o visionado comentado da película ‘Golfus de Roma’.

A fábula latina. Fedro. Lectura dunha selección de Fábulas de Fedro.

Criterios de Avaliación:

Coñecer as características esenciais dos xéneros latinos da lírica, comedia e fábula; os seus autores e obras principais; e as súas influencias na literatura posterior.

Coñecer os fitos esenciais da poesía lírica latina, da comedia e o teatro latino, e da fábula, como base literaria da literatura e da cultura europea e occidental.

Analizar, interpretar e situar no tempo textos de lírica, comedia e fábula latina (en lingua orixinal con tradución), mediante lectura comprensiva, distinguindo xénero, época, características (de autor, época e xénero), e estrutura, se a extensión da pasaxe ou poema o permite.

Establecer relación e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior.

Estándares de Aprendizaxe:

Describe as características esenciais dos xéneros latinos da lírica, comedia e fábula; e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos de lírica, comedia e fábula.

Realiza eixos cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados s xéneros da poesía lírica, o teatro e a comedia, e a fábula na Literatura Latina (e os seus antecedentes gregos).

Nomea autores representativos da poesía lírica, o teatro e a comedia, e a fábula na Literatura Latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas.

Realiza comentarios de textos latinos de poesía lírica, de comedia, e de fábula (en texto orixinal acompañado de tradución), explicando a estrutura do texto, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica os rasgos do xénero ó que pertencen no texto seleccionado e presentado.

Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina da poesía lírica, da comedia latina e da fábula latina en textos de autores/as modernos e contemporáneos que cultivaron eses xéneros na Literatura Galega e na Literatura Española, así como noutras literaturas modernas, e noutras formas artísticas (cine, artes plásticas,...).

Competencias Clave:

CL, CPSAA, CCEC, STEM, CCL CP, CD

Instrumentos de Avaliación:

Traballo de clase; preguntas nas probas escritas.

Grao mínimo de consecución do estándar:

Ten máis dun 50% das tarefas propostas na proba escrita ben realizadas.

Contidos-3 (BLOQUE 5: Textos; BLOQUE 6: Léxico).

Traducción e interpretación de textos latinos.

Manexo do diccionario.

Comentario e Análise Histórica, Lingüística e Literaria de textos latinos orixinais e traducidos.

Identificación das características formais dos textos.

Ampliación de vocabulario básico latino: léxico literario, científico e filosófico.

Etimoloxía e orixe das palabras na propia lingua.

Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á lingua literaria.

Criterios de Avaliación:

Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.

Estándares de Aprendizaxe:

Recoñece e distingue a partir do étimo latino palabras patrimoniais, semicultismos e cultismos.

Realiza e explica evolucións de termos latinos ó galego/castelán.

Competencias Clave:

CL, CPSAA, CCEC, STEM, CCL CP, CD

Instrumentos de Avaliación:

Traballo de clase; preguntas nas probas escritas.

Grao mínimo de consecución do estándar:

Ten máis dun 50% das tarefas propostas na proba escrita ben realizadas.

Contidos 4: Latinismos.

PROBAS ESCRITAS (2ª AVALIACIÓN):

1º Exame: entre os días 9 e 18 de Xaneiro do 2023.

Estructura: Texto para analizar e traducir (80%), preguntas de Literatura Latina e latinismos (20%).

2º Exame: entre os días 10 e 17 de Febreiro do 2023.

Estructura: Texto para analizar e traducir (80%), preguntas de Literatura Latina e latinismos (20%).

3ª AVALIACIÓN:

Contidos-1: BLOQUE 2 ('Morfoloxía'); BLOQUE 3 ('Sintaxe')

Sintaxe: oracións compostas. Coordinación e subordinación. As conxuncións coordinantes copulativas, adversativas, disxuntivas, explicativas, ilativas).

Sintaxe: as oracións de relativo. Casos especiais.

Sintaxe: as oracións interrogativas en latín. Directas e Indirectas.

Sintaxe: os tipos de oracións completivas (ou 'substantivas') en latín.

Sintaxe: os usos de UT e CUM.

Sintaxe: os diversos tipos de oracións subordinadas 'adverbiais'. Temporais, comparativas, finais, consecutivas, causais, condicionais, concesivas.

Sintaxe: os estilo indirecto en latín. Os párrafos redactados en estilo indirecto (en completivas de infinitivo dependendo dun verbo inicial de lingua, pensamento, sentido; ou vontade).

Criterios de Avaliación:

Estándares de Aprendizaxe:

Competencias Clave:

Instrumentos de Avaliación:

Traballo de clase; preguntas nas probas escritas.

Grao mínimo de consecución do estándar:

Ten máis dun 50% das tarefas propostas na proba escrita ben realizadas.

Contidos-2: (Bloque 4: Literatura Latina)

A historiografía en Roma. Livio. Lectura e comentario do episodio de Lucrecia e a caída da Monarquía primitiva romana, de ‘Ab urbe condita’, en tradución.

A oratoria latina. Tipos de discurso oratorio. Partes dun discurso. Momentos na elaboración dun discurso. A presenza de discursos noutros xéneros, como na Historiografía. A oratoria pre-ciceroniana. Cicerón. Vida e obra de Cicerón. Discursos de Cicerón. Obras de teoría retórica de Cicerón. Lectura e análise dos discursos de Cálgaco e Agrícola na ‘Vida de Agrícola’ de Tácito. Lectura e comentario dunha pequena selección de párrafos de discursos de Cicerón.

Criterios de Avaliación:

Coñecer as características esenciais dos xéneros latinos da historiografía e da oratoria; e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos de historiografía e oratoria.

Saber realizar eixos cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados s xéneros da historiografía latina e da oratoria latina (e os seus antecedentes gregos).

Coñecer autores representativos da historiografía e da oratoria na Literatura Latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas.

Saber realizar comentarios de textos latinos de historiografía e oratoria (en texto orixinal acompañado de tradución), explicando a estrutura do texto, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica os rasgos do xénero ó que pertencen no texto seleccionado e presentado.

Recoñecer a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina da historiografía latina e da oratoria latina en textos de autores/as modernos e contemporáneos que cultivaron eses xéneros na Literatura Galega e na Literatura Española, así como noutras literaturas modernas, e noutras manifestacións culturais, políticas e sociais (discursos de personaxes famosos...).

Estándares de Aprendizaxe:

Describe as características esenciais dos xéneros latinos da historiografía e da oratoria; e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos de historiografía e oratoria.

Realiza eixos cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados s xéneros da historiografía latina e da oratoria latina (e os seus antecedentes gregos).

Nomea autores representativos da historiografía e da oratoria na Literatura Latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas.

Realiza comentarios de textos latinos de historiografía e oratoria (en texto orixinal acompañado de tradución), explicando a estrutura do texto, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica os rasgos do xénero ó que pertencen no texto seleccionado e presentado.

Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina da historiografía latina e da oratoria latina en textos de autores/as modernos e contemporáneos que cultivaron eses xéneros na Literatura Galega e na Literatura Española, así como noutras literaturas modernas, e noutras manifestacións culturais, políticas e sociais (discursos de personaxes famosos...).

Competencias Clave:

CL, CPSAA, CCEC, STEM, CCL CP, CD

Instrumentos de Avaliación:

Traballo de clase; preguntas nas probas escritas.

Grao mínimo de consecución do estándar:

Ten máis dun 50% das tarefas propostas na proba escrita ben realizadas.

Contidos-3 (BLOQUE 5: Textos; BLOQUE 6: Léxico).

Traducción e interpretación de textos latinos.

Manexo do diccionario.

Comentario e Análise Histórica, Lingüística e Literaria de textos latinos orixinais e traducidos.

Identificación das características formais dos textos.

Ampliación de vocabulario básico latino: léxico literario, científico e filosófico.

Etimoloxía e orixe das palabras na propia lingua.

Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á lingua literaria.

Criterios de Avaliación:

Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.

Estándares de Aprendizaxe:

Recoñece e distingue a partir do étimo latino palabras patrimoniais, semicultismos e cultismos.

Realiza e explica evolucións de termos latinos ó galego/castelán.

Competencias Clave:

CL, CPSAA, CCEC, STEM, CCL CP, CD

Instrumentos de Avaliación:

Traballo de clase; preguntas nas probas escritas.

Grao mínimo de consecución do estándar:

Ten máis dun 50% das tarefas propostas na proba escrita ben realizadas.

Contidos-4: Latinismos.

PROBAS ESCRITAS:

EXAME 1:

DATA APROXIMADA: entre o 20 de Marzo e o 24 de Marzo de 2023

EXAME 2: (EXAME FINAL)

DATA APROXIMADA: Entre o 2 e o 12 de Maio de 2023.

CONTIDOS E ESTRUCTURA:

Proba escrita. Temas 9-14. Texto (8 puntos), Literatura latina (2 puntos).

NOTA FINAL da AVALIACIÓN: Obterase da nota media das calificacións dos dous ou tres exames realizados durante a avaliación; en caso de decimal, os resultados do último exame da Avaliación (“Exame de Avaliación”) decidirá a dirección do redondeo. Será preciso obter no último exame da Avaliación un mínimo de 4,50 puntos. A nota da avaliación poderá subir ata un total de 1 punto polas anotacións do profesor/a sobre o traballo diario e de clase, e a actitude e comportamento do alumno/a, e realización de tarefas e deberes encargados para casa. En todo caso, para aprobar a Avaliación, o último exame da avaliación (“Exame Final”) deberá ter como mínimo un 4,50.

RESUME (LATÍN-II, 2º Bach.):

1º Trimestre: repaso da gramática latina e traducción de frases de diversos autores latinos.

2º Trimestre: Tradución de textos de Eutropio, César, Lhomond, Ovidio e Fedro.

Temas de literatura:

Os xéneros literarios en Roma. A transmisión da Literatura Latina.

Historiografía: Livio.

Oratoria: Cicerón.

Épica: Virxilio.

A fábula: Fedro

Lecturas correspondentes a historia, oratoria e épica.

Locucións latinas.

Temas de literatura: Lírica: Catulo. Horacio

Teatro: Plauto e Terencio.

Fábula: Fedro.

Lecturas correspondentes á lírica, teatro e fábula.

Toponimia.

3.2- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE BÁSICOS:

- Analizar e traducir correctamente un texto sencillo de Eutropio e de Fedro; manexo fluído do Dicionario; comprensión do texto.
- Dominar os temas de Literatura Latina; entender e comentar significativamente textos de autores latinos importantes en orixinal e tradución.
- Lectura comprensiva e comentada dos textos propostos.
- Saber a lista de locucións latinas propostas; coñecer o seu significado e o seu uso, no rexistro apropiado, nun texto en galego/castelán.
- Coñecer e razoar a orixe etimolóxica da lista dos topónimos propostos.

4.- AVALIACIÓN

4.1- CRITERIOS DE AVALIACIÓN RELACIONADOS COS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE BÁSICOS:

1. Ser capaz de analizar, traducir, comprender e comentar de forma coherente textos latinos pertencentes a diversos xéneros literarios.

Con este criterio preténdese comprobar o progreso na práctica da tradución, así como a capacidade de lectura comprensiva adquirida polo alumnado. Na tradución procurarase combinar a fidelidade coa corrección no estilo, facendo un adecuado uso do Dicionario.

2. Recoñecer en textos latinos orixinais os elementos básicos da morfoloxía regular e da sintaxe da oración, en función da comprensión do texto latino, apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas, especialmente co galego e co castelán.

Este criterio trata de comprobar o coñecemento e manexo da lingua latina por parte do alumnado, completando o nivel adquirido no curso anterior mediante o estudo das irregularidades morfolóxicas de maior frecuencia e dos procedementos máis habituais de subordinación propios da lingua latina. O alumnado debe manifestar o seu avance neste nivel facendo análises morfosintácticas de textos orixinais de dificultade progresiva e recoñecendo as variantes e coincidencias respecto doutras linguas por el coñecidas.

3. Comparar o léxico latino co das outras linguas de uso do alumnado, identificando os seus compoñentes e deducindo o seu significado etimolóxico.

Este criterio trata de avaliar se o alumnado domina os procedementos de derivación e composición na formación do léxico latino e se é consciente de que eses derivados pasaron como tales á lingua que utiliza. Así mesmo, trátase de comprobar se reflexionou sobre os procedementos de derivación e composición, no que xogan un papel preponderante os afixos de orixe grecolatina.

4. Realizar comentarios de textos traducidos, analizar as estruturas e trazos literarios deles e recoñecer o papel da literatura clásica nas literaturas occidentais.

Con este criterio preténdese comprobar a identificación dos elementos esenciais dun texto literario, formais e de contido, e se se recoñecen os diversos xéneros polos seus trazos diferenciadores. O comentario versará sobre textos con sentido completo de diversos xéneros literarios e a súa comparación con textos da literatura posterior, especialmente a escrita en galego e castelán nos que sobrevivan trazos, temas ou tópicos da literatura latina.

5. Planificar e realizar traballos monográficos manexando fontes de diversos tipos (restos arqueolóxicos, inscricións, índices, léxicos, traballos específicos, etc.) e utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación como ferramenta de organización e comunicación dos resultados.

Este criterio trata de constatar a capacidade creativa do alumnado na planificación, procura, recompilación e sistematización da información, así como o grao de corrección na expresión oral ou escrita. O alumnado, guiado polo profesorado, planificará a actividade, organizará a información,

contrastará e intentará formular hipóteses, elaborando o seu traballo mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas fundamentais en todo o proceso e como soporte para a exposición das súas conclusións. Neste sentido, recoméndase o uso de páxinas web, blogs, páxinas colaborativas, enciclopedias e dicionarios en liña, programas de presentacións e outras ferramentas da internet.

6. Ler obras da literatura latina traducidas.

Con este criterio preténdese que o alumnado capte a mensaxe contida na obra, as claves do xénero e o seu contexto histórico. Pode tratarse de obras completas, traducidas ou adaptadas ó nivel de bacharelato, ou ben de antoloxías dunha única ou varias autorías ou que se articulen ó redor de temas concretos. O que se busca fundamentalmente é potenciar o hábito de lectura con textos atractivos para o alumnado.

4.2- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (ordinaria e extraod.):

Probas: nas súas diversas modalidades –escritas, orais, individuais, colectivas–.

Observación: Atención ó proceso de aprendizaxe dos alumnos, dirixida a seleccionar información de acordo con indicadores previamente fixados.

Interrogación: Preguntar directamente aquilo que se desexa saber mediante entrevista o cuestionario.

Análise de tarefas: e unha fonte de información proveitosa e útil que conleva unha enorme motivación.

Os exames escritos da 3ª Avaliación serán deseñados segundo o modelo da CIUGA e valorados cos criterios de corrección das P.A.U.

Instrumentos de observación:

- Escalas de avaliación (graduación).
- Rexistros individuais (traballo diario, participación, etc.).
- Rexistros do grupo (traballos en grupo, intervencións, etc.).

De interrogación:

- Cuestionarios (autoavaliación).
- Entrevista.

Probos (obxectivos, de resposta libre): orais, escritas, individuais e colectivas.

As probas escritas puntuaranse de acordo cos criterios de puntuación das novas
PROBAS DE AVALIACIÓN (REVÁLIDA)

4.3- SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

- Haberá un mínimo de 2 exames escritos por avaliación, podendo haber (excepcionalmente) ata tres exames nalgunha avaliación. Ó ser unha materia lingüística progresiva, unha avaliación suspensa considerarase aprobada se se aproba a seguinte avaliación.
- Na primeira e segunda avaliacións proporanse frases soltas e textos; avaliaranse os coñecementos de gramática e traducción. Tamén se fará unha pregunta sobre literatura latina. A valoración repartirase nun 80%/10%.
- Na terceira avaliación as probas escritas centraranse en textos e preguntas de Literatura Latina; puntuaranse de acordo co seguinte criterio:

Análise e traducción do texto proposto (Eutropio, César, C. Nepote, ou Fredro/Ovidio):
 ata 8 puntos [Se se plantea alguna pregunta aparte do texto sobre gramática: ata 1 punto]

Literatura: ata 1,50 puntos (Con dúas partes: desenvolvemento teórico dunha pregunta referida a un xénero ou autor; comentario dun pequeno texto en traducción dun dos autores latinos vistos)

Cuestións sobre locucións latinas e/ou etimoloxía de topónimos, e/ou formación de palabras por composición e derivación: ata 0,5 puntos

4.4- MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

Dominar todos e cada un dos puntos expostos no apartado 3.2: contidos mínimos.

2.3- Elementos transversais que se traballarán .

1-Queremos traballar, tanto en Latín-4º ESO, en Latín-I de 1º Bach. e Latín-II de 2º Bach. os seguintes temas transversais: o diálogo como forma de solución de diferencias, o valor da cratividade e iniciativa, o fomento da paz, a valoración positiva da diversidade cultural e lingüística, e a eliminación da discriminación por razón de sexo, pertenza a clase ou grupo social ou étnico, ou opcións de vida persoais.

2. Para adecuar ese valores e aspectos transversais nas clases de Cultura Clásica e Latín, debemos:

- Fomentar o diálogo como forma de solución de diferencias, mediante a análise de problemas históricos de enfrentamentos ocorridos en Grecia e Roma.
- Resaltar aspectos de creatividade e iniciativa existentes entre os gregos e os romanos e deducir consecuencias dos mesmos.
- Analizar e recoñecer, nos textos, as aportacións de personaxes, tanto masculinos como femininos, de calquera ámbito do mundo grecolatino no fomento da paz, das relacións entre os diversos pobos e a convivencia.
- Apreciar e valorar a diversidade lingüística e cultural de Europa como mostra de convivencia entre os pobos.
- Recoñecer en textos clásicos situacións de discriminación por razóns de sexo, sociais ou persoais y analízalas criticamente.
- Reflexionar e tirar consecuencias das situación observadas, para eliminar a discriminación.
- Deducir da postura dos gregos e romanos ante o universo, posicións de respecto ou desprezo ante a natureza e o entorno ecolóxico e social.
- Analizar e comentar hábitos sociais dos romanos dentro do seu contexto histórico e confrontalos coas concepcións actuais.
- Espertar o interese pola cultura que Grecia e Roma desenvolveron e nos deixaron en herdanza, sublimando as súas diferenzas e semellanzas con outras culturas e civilizacións do mundo, desenvolvendo así actitudes de respecto por outros pobos, civilizacións e culturas do mundo.

3.—Concrecións metodolóxicas. Metodoloxía. Materiais e recursos didácticos que se van utilizar: libros de texto.

-Latín de 4º de ESO: - Libro de texto: editorial Anaya.

-Latín- I (1º Bach): Libro de texto: Editorial ANAYA.

--Latín-II (2º Bach.): O libro de texto será o de ANAYA. En Latín-II, 2º Bach., su usará o Dicionario VOX Latín-Español.

--Será fundamental que o alumno/a teña un Caderno só de Latín, para anotar alí os apuntes, esquemas,... E para facer alí os exercicios, frases e textos. O profesor valorará o traballo individual, a autonomía do alumno, e o desenvolvemento da capacidade de aprender a aprender.

-- Metodoloxía Didáctica. Estratexias a desenvolver polo profesor para acadar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave. Materiais e recursos didácticos:

- Selección de frases e textos accesibles ao nivel dos alumnos/as.

- A correcta interpretación dos textos implicará a súa contextualización, a análise dos aspectos gramaticais e a captación e comentario da mensaxe que nel aparece.

- Recorreráse tamén á lectura de fragmentos traducidos ou bilingües de autores

latinos cando sexa necesario para unha mellor comprensión dos conceptos culturais das distintas unidades.

- O traballo cos textos, sempre que sexa posible, irá acompañado do uso de soporte informático en liña ou en rede. Darase importancia á procura de material audiovisual: mapas , gráficos, vídeos, etc.

- O estudo dos aspectos lingüísticos e culturais ten que ser simultáneo.

Materiais curriculares e recursos didácticos:

- Libros de texto. Será obrigatorio o uso do libro de texto. Usaremos os seguintes:

Latín 4º de ESO, Editorial Anaya.

Latín I/ 1º Bach. Editorial Anaya.

Latín II/ 2º Bacharelato. Editorial Anaya. En 2º de Bacharelato será obrigatorio adquirir ou en todo caso traer a clase e utilizar un Dicionario de Latín-Castelán ou Latín Galego. Pódense utilizar calquera destes tres: Dicc. Latín-Castelán (VOX), Dicc. Latín-Castelán (SM), ou Dicionario Latín-Galego (Ed. Galaxia).

4.-- Procedemento para a avaliación inicial [4º ESO, 1º Bach., 2º Bach.] e de acreditación de coñecementos previos (BACH.)

Dado que en Latín-4º de ESO se comeza desde cero, na primeira semana valorarase o coñecemento da terminoloxía lingüística básica, os conceptos básicos de morfoloxía e as funcións sintácticas en galego e castelán. Isto será un punto de apoio tamén para a introdución dos conceptos básicos da morfosintaxe do latín como lingua flexiva.

Dado que en Latín-I se comeza desde cero, non é precisa esa acreditación de coñecementos previos en Latín-I de 1º Bach; sen embargo, será útil determinar qué alumnos/as tiveron Latín en 4º de ESO e ata qué punto chegaron en 4º.

En canto á avaliación inicial en 2º Bach., será interesante especialmente en caso de que un alumno/a, por cambio de opción, comezase Latín-II en 2º Bach. sen ter cursado Latín-I no curso anterior. Nese caso, ten pendente a asignatura de Latín-I. En caso de que careza totalmente de coñecementos de Latín, e especialmente se tampouco tivo Latín en 4º de ESO, deberá preparar pola súa conta (baixo indicacións do Profesor de Latín-II) a materia de Latín-I, e presentarse aos Exames de Pendentes de Latín-I e aprobalos demostrando que coñece os paradigmas nominais e verbais.

5.—Procedemento de Avaliación continua.

É unha avaliación continua e nela valorarase actitude, atención, estudio e

coñecementos.

As probas de cada avaliación constarán de:

- A) Análise e traducción de frases e textos sinxelos do latín ó galego ou castelán e viceversa sen usar o dicionario.
- B) Exercicios de morfoloxía correspondentes á programación do curso.
- C) Cuestións sobre etimoloxías latinas e expresións latinas de uso actual
- D) Exercicios de evolución fonética do latín ó galego ou castelán.
- D) Cuestións de cultura latina.

Criterios de avaliación:

Puntuación:

- Nos exames escritos indícarase o valor de cada pregunta.
- Faráse un mínimo de 2/3 exames por avaliación, sendo o habitual 2. A última proba ou exame escrito da 3ª Avaliación, en xuño, será considerada como “Exame ou proba final do curso”, e nela entrarán os contidos mínimos do curso. A nota da Avaliación obtense da nota media dos 2 ou 3 exames de Avaliación; en caso de decimal, os resultados do último exame decidirán a dirección do redondeo. En todo caso, o/a alumno/a deberá acadar unha cualificación mínima de 4,50 puntos como media dos exames da Avaliación, tendo que aprobar o Exame Final cun 5 como mínimo para aprobar a materia. A nota poderá subir 1 punto a partir das observacións e anotacións tomadas polo profesor/a sobre o traballo na aula do/a alumno/a, o seu adecuado uso do Caderno da Asignatura, do Dicionario e do Libro de Texto durante as clases.

6. Prodecemento de avaliación extraordinaria (ESO e BACH.)

A convocatoria extraordinaria, tanto en ESO como en Bacharelato, consistirá igualmente nunha proba escrita de 10 preguntas (5 frases para análise e traducción, e 5 exercicios de morfoloxía nominal, pronominal e verbal) valoradas con 1 punto cada unha de elas. Na proba extraordinaria, o alumno debera acadar unha cualificación mínima de 5 puntos para aprobar a materia.

7. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Á hora de avaliarmos o cumprimento da programación debemos considerar unha serie de indicadores de logro que teñan en conta como mínimo os seguintes elementos: obxectivos, contidos, consecución dos estándares de aprendizaxe, contribución aos obxectivos xerais da etapa, contribución ao desenvolvemento das competencias clave, procedementos e instrumentos de avaliación, factores que favoreceron o cumprimento da programación / causas de non cumprimento, reflexión sobre as posibles situacións imprevistas acontecidas ao longo do curso e propostas de mellora.

8.—Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes. Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes (ESO e BACH.).

8.1--

No caso de Latín de 4º de ESO e Latín-I de 1º Bacharelato, por ser 4º de ESO o primeiro curso no que se oferta esta materia e por ser 1º Bach. un curso sen pendentes, non é posible que haxa alumnos coa materia de Latín pendente de cursos anteriores.

No caso de haber alumnos repetidores, elaborárase, se fose preciso, un plan específico para axudalos a acadar os obxectivos do curso.

Os alumnos de 2º Bach. con Latín-I pendente (de 1º de Bacharelato), deberán preparar a materia de Latín-I a partir do libro de texto de 1º-BACH. (Ed. Anaya), seguindo as indicacións do profesorado. O alumno/a deberá demostrar o dominio desa materia por medio da realización dunha proba ou exame trimestral de pendentes, probas escritas nas que o alumno demostrará que aprendeu os contidos mínimos de cada avaliación. O Calendario de Exames de Pendentes será establecido pola Xefatura de Estudos.

Neste curso serán:

1ª Avaliación de Latín-I Pendente 1ª Avaliación: entre o 8-9-10 de Novembro de 2022.

(Unidades 1-5 do libro de ANAYA de Latín-I/1º Bach: Concepto y funciones de los casos latinos; 1ª-5ª declinación de los sustantivos; Declinación de los Adjetivos; Tiempos de la raíz de Presente en Indicativo de la voz activa; análisis de frases y traducción.

2ª Avaliación de Latín-I Pendente 2ª Avaliación: entre o 24-25-26 de Xaneiro de 2023.

(Unidades 1-7 del libro de ANAYA de Latín-I/1º Bach: Concepto y funciones de los casos latinos; 1ª-5ª declinación de los sustantivos; Declinación de los Adjetivos; Tiempos de la raíz de Presente en Indicativo de la voz activa; análisis y traducción de

frases; los pronombres-adjetivos demostrativos; tiempos de la raíz de Perfecto en voz activa). Los pronombres personales, los posesivos; is, idem, ipse.

3ª Avaluación de Latín-I Pendente 3ª Avaluación: entre 28-29-30 de Marzo de 2023. Unidades 1-8 del Libro de ANAYA de Latín-I/1º Bach. Concepto y funciones de los casos latinos; 1ª-5ª declinación de los sustantivos; Declinación de los Adjetivos; Tiempos de la raíz de Presente en Indicativo de la voz activa; análisis y traducción de frases; los pronombres-adjetivos demostrativos; tiempos de la raíz de Perfecto en voz activa). Los pronombres personales, los posesivos; is, idem, ipse. El pronombre relativo; las oraciones de relativo. Los tiempos de presente en la voz pasiva. La oración pasiva. El Complemento Agente en Latín.

O profesor da asignatura pendente comunicará o titor do alumno os resultados para que consten na sesión de avaluación desde alumno en cada avaluación.

Se o alumno aproba con nota de 5 ou máis as sucesivas dúas probas de pendentes de cada unha das dúas primeiras avaluacións (á parte de asistir regularmente con aproveitamento á Clase de Pendentes cada semana) aprobará xa a asignatura pendente.

En caso de que non se presente a estas dúas probas, ou de que nestas probas teña unha cualificación inferior a 5, o alumno pendente terá a oportunidade de presentarse a unha PROBA EXTRAORDINARIA DE PENDENTES, entre os días 20-21-22 de Abril. Nesa proba final extraordinaria e global de suficiencia de pendentes entrará toda a materia correspondente ós contidos mínimos do curso de Latín- I. Do mesmo xeito, a nota mínima para aprobar será de 5 puntos. Se a aproba con máis de un 5, aprobará a Pendente.

No caso de haber alumnos repetidores, diseñarase, se fose preciso, un plan específico para estes coa finalidade de facilitarlles a superación do obxectivo do curso.

10. Organización dos procedementos que permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios, no caso do Bacharelato.

-- O alumnado poderá, en caso de cambio de Opción, cursar en Segundo a materia de Latín-II, como materia condicionada á superación das correspondentes materias do Primeiro Curso (Latín-I), se esta non foi cursada en 1º Bach.

Neste caso o alumnado, debera acreditar os coñecementos da correspondente materia do 1º curso, Latín-I. O alumnado deberá preparar pola súa conta (coas indicacións e apoio do profesorado) a materia de Latín-I, e presentarse aos exames de Latín-I Pendente cada trimestre.

Se o alumno xa cursou hai anos algún curso de Latín (por exemplo, Latín de 4º de ESO ou Latín de 1º Bach.), e mantén os seus coñecementos, o alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumno ou a alumna reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En calquera caso, a decisión de que o alumnado reúne as condicións para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo curso, debera adoptarse segundo criterios obxectivos e avaliábeis, de maneira que sexa posible acreditar tal condición. O Departamento Didáctico correspondente poderá tamén realizar unha proba para comprobar que o alumnado reúne esas condicións. A data límite para a realización desta acreditación será antes do inicio das actividades lectivas. Desta circunstancia deixarase constancia mediante unha dilixencia no historial académico, no expediente académico e, de ser o caso, por medio de observación no Informe Persoal por traslado.

Esta materia, Latín-I pendente, tratarase de forma análoga ás Pendentes, e o Departamento Didáctico que a imparte proporalle un Plan de Traballo e aprendizaxe (que o alumnado deberá realizar pola súa conta) con expresión dos contidos mínimos esixibles; o alumno/a deberá aprobar cada Trimestre as probas parciais (“Exames de Pendentes”) verificar a superación da materia.

9. Medidas de atención á diversidade.

Repaso das nocións vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión das unidades, tomando nota das dificultades detectadas.

- Introducción de cada aspecto lingüístico, sempre que sexa posible, mediante as semellanzas ou pervivencia dos mesmos no castelán e no galego.
- Realización de exercicios apropiados cara a afianzar os contidos lingüísticos, culturais e léxicos traballados na unidade.
- Coa finalidade de atender a aqueles alumnos que teñan problemas na asimilación de contidos, prepararanse exercicios de dificultade graduada para os temas lingüísticos e léxicos; para os temas culturais pediráselles a realización de breves lecturas, así como esquemas das mesmas. Mentres se realizan estas actividades de recuperación, aqueles alumnos que teñan alcanzado satisfactoriamente os contidos propostos levarán a cabo tarefas como a realización de pequenos traballos de investigación sobre temas culturais, lecturas complementarias e ampliación de léxico da propia lingua relacionados co tema, mediante dicionarios ou textos apropiados.

10.-- Accións de contribución ao Plan TIC

- *Utilización da Aula Virtual do Centro (MOODLE).
- *Utilización do servizo de VIDEOCONFERENCIA WEBEX.
- *Utilización de dicionarios latín-español, latín-inglés en soporte informático.
- *Utilización de internet para consultar calquera asunto relativo ao mundo clásico, especialmente da “WIKIPEDIA”.
- * Utilización da web chiron e colaboración con ela
- * Utilización do buscador: argos.evansville.edu
- * Utilización da páxinas: www.perseus.tufts.edu
- * Utilización da páxina: www.culturaclasica.com
- * Acceso a través de internet a museos virtuales
- Visionado de películas basadas na civilización grega ou latina tales como:
 - * A Odisea
 - * Troia
 - * Hércules
 - * Quo vadis
 - *Espartaco
- Utilización de programas informáticos tales como:
 - * Calamus.

11. Accións de contribución ao Plano de Convivencia.

O profesor deste Departamento estará atento ás indicacións que desde Xefatura de Estudos e desde o Equipo Directivo se fagan sobre as accións do Plano de Convivencia. En especial, insistirase na vixilancia da limpeza das aulas, e deixalas ordenadas tras cada clase. Ademais, observarase e comunicarase ós/ás titores/as e á Xefatura de Estudos calquera comportamento que sexa indicio de violencia, menosprezo, inimidade ou mala relación entre alumnos/as, e calquera indicio de maltrato escolar.

12. Accións de Contribución ao Proxecto Lector.

-Nos diversos cursos (Cultura Clásica de 3º ESO, Latín-I de 4º de ESO, Latín I de 1º Bach. e Latín II de 2º Bach.) se farán recomendacións de lectura de libros de tema clásico grecorromano. Recórdese que en Latín-II, de 2º de Bacharelato, xa hai, por prescrición da Comisión que organiza as Probas de Selectividade, unha serie de lecturas obrigatorias dunha selección de textos de autores clásicos latinos. Por suposto, na realización destas lecturas se colaborará intensamente coa Biblioteca do Centro.

Os libros serán: “Latin Lover” e “Calamares a la romana”, de Emilio del Río; “Pompeya”, de Lillo; o libro “A vida diaria dos romanos”, de X. Carballude, e “O Infinito nun Xunco”, de I. Vallejo.

Para Latín-II (2º Bach.) se recomendará a lectura, en tradución castelá ou galega, de “La Eneida” de Virxilio e dunha selección das “Odas e Epodos” de Horacio.

13.—Actividades complementarias e extraescolares programadas.

Para este curso 2022-2023, prevese organizar algunha das seguintes posibles actividades complementarias:

-unha visita a: Castro de San Cibrán de Las,

-visita ao Castro de San Tomé,

e/ou

-Visita ao Centro de Interpretación ‘Ourense Romano e Termal’ (As Burgas), e aos restos romanos e medievais da cidade de Ourense.

Esta actividade organizarase en colaboración, se é posible, co Departamento de Grego e co Departamento de Xeografía e Historia do Instituto.

Estas actividades estarán dirixidas ao alumnado de Latín de 4º ESO, Latín I e Latín II.

14. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas. Indicadores de logro para avaliar a propia programación didáctica, en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

- A programación será avaliada na Memoria Final do curso; e será reformada para o curso seguinte segundo as necesidades e problemas observados.

-Teranse en conta os resultados académicos e o grao de satisfacción dos propios alumnos. Tamén se terán en conta as indicacións dos procesos de mellora que se presenten na Comisión de Coordinación Pedagóxica do Centro.

15. – Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos resultados.

(Véxase Apartado 4).

Dado que en 4º de ESO todo o alumnado de Latín de 4º comeza sen ter cursado ningún curso de Latín anterior, a avaliación inicial consistirá na observación, por parte do profesorado, do seu nivel de coñecemento metalingüístico en lingua castelá e galega.

En 1º de Bacharelato o profesorado consultará se o alumnado xa tivo Latín en 4º e farase unha observación inicial do nivel de cada alumno/a. Aínda así, o curso de Latín de 1º Bacharelato comezará para todo o alumnado a partir dos rudimentos máis esenciais da lingua latina.

Unicamente en caso de que se observen grandes dificultades ou faltas de base en algún alumno concreto ou grupo de alumnado, se tomarán medidas de atención á súa diversidade.

16. Elementos transversais que se traballarán nos cursos de Latín.

-O respecto polos compañeiros e compañeiras, a convivencia na aula e a colaboración entre todos os elementos do proceso de ensino-aprendizaxe.

-O respecto polo noso patrimonio lingüístico, artístico e cultural que procede do pasado romano e en xeral da Civilización Greco-Latina.

-O respecto pola diversidade e o respecto e a igualdade entre xéneros e culturas.

Asinado: Xosé Manuel Vélez Latorre. DEPARTAMENTO DE LATÍN.

10 de Setembro de 2022.